

# RETALLOS

In memoriam



Carvalho  
Calero no  
centro

Xela Arias:  
"asinamos  
ser libres"

# A nosa pequena rebeldía

A revista Retallos quere ser a revista de todas as persoas que fan parte do centro EPA Pondal e para iso pretende buscar unha vez máis a complicidade de toda a comunidade educativa. Preferentemente buscamos encher as nosas páxinas coas contribucións do alumnado, mais tamén con todas aquelas propostas do persoal docente ou auxiliar que ofrezan contidos interesantes para compartir.

O pasado ano 2020 foi un ano difícil para todos nós e non foi posíbel editar a revista pois había outras prioridades e urxencias educativas que atendemos entre todos/as da maneira máis profesional posíbel e como mellor soubemos, obrigados a unha teleformación que non é beneficiosa en ningún caso para mellorar a calidade do ensino, a aprendizaxe significativa e o propio traballo docente.

Este ano tampouco foi un ano sinxelo para ninguén e xestionar todo o relacionado coa pandemia foi un esforzo humano que nos puxo a proba a todos.

Froito desta problemática, os autores das letras que decidimos homenaxear este ano son dous, incluíndo ao profesor Carvalho Calero porque ben merece que o Covid non apague ou oculte outra vez o seu legado. A moi merecida homenaxe á poeta e profesora Xela Arias que se foi antes de tempo, acompañada do profesor Carvalho, oculto por dúas décadas e moi tardiamente homenaxeado, son boa mostra de rebeldía desde lugares ben diferentes.

Reeditar a revista nesta circunstancias é tamén a nosa pequena rebeldía contra o desalento, contra o modo de vida e de convivencia que o Covid nos trouxo e sobre todo unha mostra de esperanza de que o ano próximo estaremos nun contexto mellor, máis saudábel e con mellores condicións.

Reeditar a revista é tamén unha maneira de homenaxear a docentes e persoal do centro que xa non están e tanto fixeron por este centro e pola propia existencia desta revista.

Nunha editorial o máis importante escríbese nas últimas letras. Hai persoas que deixan semente tras de si. Todos os que as coñeceron falan do profesor Cajigal e da compañeira Elvira como persoas verdadeiramente especiais. Neste ano do seu recente pasamento, reeditar de novo a revista contra todo pronóstico, é tamén unha homenaxe clara e unha forma de agradecemento.

Por iso, contra vento e marea da situación social causada pola emerxencia sanitaria, reeditamos, saímos de novo, estamos, somos, unha revista humilde que continúa.

Esta é a nosa pequena rebeldía

---

## Créditos

### **Edita**

EDNL – Epa pondal

### **Diagramación**

Carmen Senande

Luís F. Figueiroa

### **Revisión lingüística**

Maria Rosa Teira Cadabal

### **Contributos:**

Concepción González

Carmen Senande

Diego Reyes Henao

Dulce Ferrández

Dores Fernández

Eva Gude

Luís F. Figueiroa

Humberto Morán Fraga

Maria Rosa Teira Cadabal

Mónica Rodríguez Regueira

Yolanda Señarís

Victor Barreiros

# Xela Arias 1962-2003

Xela Arias Castaño naceu en Lugo en 1962, pero pouco despois trasladouse coa súa familia a Vigo. Toda a súa vida desenvolverase na cidade olívica. Faleceu de xeito inesperado en 2003. É unha poeta de culto e unha icona, pero chegou un momento en que atopar a súa obra non era doado. María Xesús Nogueira levouna de novo ás librarías en 2018 coa edición de *Xela Arias. Poesía reunida* (1982-2004), un volume que xunta os catro libros que a autora publicou en vida e mais sesenta e dous poemas aparecidos en revistas e en obras colectivas.

A profesora da Universidade de Santiago de Compostela e crítica literaria agarda que o Día das Letras Galegas que a Real Academia Galega lle dedica este ano contribúa a que a autora sexa “lida, sobre todo polo lectorado máis novo, e tamén coñecida como intelectual e traballadora da cultura do seu tempo”. M<sup>a</sup> Xesús Nogueira fala da súa voz poética “rebelde e rupturista” coa que abriu, seguindo un camiño propio, novos vieiros para as letras galegas. No seu estudo di que a mesma Xela sentiu orfandade xeracional e que a manifestou en moitas ocasións. O que pensa a crítica é que o que marcou a poesía de Xela foi, por unha banda o afán de innovación, de ruptura coa tradición que a precedía; e por outra a vontade de seguir un camiño propio.

Estaba a facer poesía urbana xa desde os primeiros poemas que publicou en revistas e fanzines. Abriu camiños temáticos e tamén formais. E adiantouse en actitudes. Quixo levar a poesía á rúa mediante recitais e outras intervencións. Xela Arias anticipa a poesía, as actitudes e as consignas da Xeración dos 90.

Viviou un tempo de moitas protestas obreiras e Xela estivo a pé de rúa poñendo o verso ao servizo de causas diversas. E iso de novo conéctaa cunha visión da poesía moi actual.

A diferenza dos poetas da súa xeración biolóxica, non facía demasiado explícitos os seus vínculos literarios. Non hai demasiadas citas nos seus libros, quitando talvez o primeiro libro *Denuncia do equilibrio* (1986); pero si ve confluencia con algunhas escrituras de xénero que abordaron cuestións coma a maternidade ou o corpo.

A celebración do Día das Letras Galegas debería ser unha oportunidade sobre todo para que sexa lida e coñecida como intelectual e traballadora da cultura do seu tempo. Xela é unha das voces máis modernas, máis actuais, máis vixentes da poesía galega. Xela cunha clarísima vocación urbana e experimentadora, rupturista, crea un tecido simbólico insólito na poesía do momento.



*Denuncia do equilibrio* (1986) o seu primeiro libro, rupturista incluso no seu formato, combina poesía e ilustración. Nel o discurso poético ténsase igual cá sintaxe, as colocacións pronominais, e os neoloxismos a través desas pronominalizacións.

(...)

**Compártome**

**Sei que no lonxe das parábolas das frases**

**Cortadas e os puntos a parte son só**

**Medos escorrentados polo teu corpo**

**Soberano dunha idea poderosa que**

**Tal vez suceda e eu non saiba qen es ti**

**Cando te agardo (...)**

En *Tigres coma cabalos* (1990) dá un paso máis no diálogo con outras formas de expresión. Foi un libro moi innovador facendo dialogar a súa poesía coas fotografías de Xulio Gil. Estes dous autores pretendían un diálogo de fotografía e texto que foi mal entendido na época e foi interpretado máis á sombra das poéticas eróticas, o que desgustou moito a Xela.

**Non quereda caer de ti.**

**Coma hoxe**

**No meu corpo xúntanse as túas mans facendo historia,**

**As miñas inclinan nas túas costas os abrazos desde a infancia.**

**Agora nós,**

**Corpo que añoraba cando morríamos**

**De cada vez**

*Darío a diario* (1996), dedicado ao seu fillo, supuxo unha innovación na escritura da maternidade, abordouna desde a cotiandade, desde a experiencia “imposible de transferir”, e rompendo toda unha tradición idealizadora.

**Imos, meu ben, camiñar sereno  
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos  
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,  
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos  
dos teus días xunta min.**

*Intempériome* (2003) considéao o seu libro máis radical xa desde o seu mesmo título. Este libro está atravesado pola perspectiva de xénero dunha maneira moi clara. Apropriándose do galego, da lingua, múdaa nunha lingua propia cos seus pronomes tan característicos.

**A unidade componse .**

**Da desorde.**

**Desordénome, amor,**

**E dou co punto**

**Único**

**do centro dos abrazos.**


**Abrazo a desorde das ideas**

**e sei**

**que a unidade se compón.**

**A unidade componse.**

**Da desorde.**



**«Nada que ver coa posesión.  
Non te posúo nin quero.  
Cóidote, ámote e manteño a esperanza  
de aprenderche a te posuïres.»**


*In Darío a diario* (Xerais – 1996)

Ademais da súa obra literaria, traduciu ao galego obras universais para crear un corpus moderno para a literatura galega. Contribuíu á fixación do estándar cos criterios que había no momento e á normalización da lingua.


Foi profesora e muller comprometida.



*VENCERSE é cousa  
de se tratar.*



*INTEMPESTIVA,  
serse intempestiva.  
E domea-la furia á procura  
da froita  
madura.*



*¿Que é o necesario?  
Coma sempre:  
asumir que me equivoco e seguir investigando.  
Como sempre en min,  
e máis contigo.*



*INCÉNDIATE  
á calor da observación.  
E repasa logo a ollada  
no pouso  
dos afectos.*



## OS ESPAZOS VITAIS DE XELA ARIAS

Xela Arias Castaño naceu no lugar de Ortoá, en Sarria, un 4 de marzo de 1962. Os seus pais, Amparo e Valentín eran veciños do concello e instaláranse na Granxa de Barreiros, un proxecto pedagóxico creado por Antonio Fernández López que tiña como obxectivo incorporar a natureza e a cultura rural galega ao ensino. Valentín Arias, que deixou un importante legado como ensaísta e tradutor, exercía de mestre naquela escola pioneira, e Xela, xunto cos irmáns que a seguían con escasa diferenza de idade, Xoán Carlos e Marcos, pasou uns primeiros anos felices na vivenda a carón da escola, rodeada dun ambiente agrario e non moi lonxe das casas dos avós, como recorda a súa nai Amparo:

“Eu traballaba facendo a comida para os nenos do colexio, pero a prioridade era a nena, dediqueime a ela as vinte e catro horas do día. Como estabamos nunha escola agrícola, había unha horta, un xardín e tamén un campo de fútbol, había espazo abondo. Ela era aínda moi pequena e non estaba escolarizada, pero os nenos da escola adorábana, xogaban con ela á hora do recreo. Era moi vivaz! Polas tardes, case a diario, íamos ver aos meus pais, que vivían moi preto, co irmán seguinte, ao que só lle levaba dezaseis meses. El ía no coche e ela e mais eu andando pola estrada. Os veciños abraíábanse do rápido que camiñaba!”

<https://academia.gal>, 24/02/2021

En 1965 Valentín Arias comeza a traballar na Granxa de Arxeriz e a familia trasládase a Lugo. O rapaces teñen o seu primeiro contacto co mundo urbano. A filla máis vella, Xela, foi escolarizada no Colexio Fingoi, que fundara tamén Antonio Fernández. A estadia na cidade das murallas foi breve, pois en 1969 o pai é destinado ao Colexio de Sárdoma, nos arredores de Vigo, e a familia múdase á que había ser a súa cidade definitiva. Alí nacen os dous fillos máis novos, Sabela e Lois.

Xela chega a Vigo con sete anos e cun marcado interese xa neste momento polos libros e a escritura. O modelo de Valentín foi fundamental nesta aprendizaxe que deu como froito os primeiros relatos. Un deles, “A fraga dos paxaros faladores e a fraga leoparcidía”, foi premiado no VI Concurso de Contos Infantís O Facho (1973) e, posteriormente, publicado.



Para os fillos de Amparo e Valentín a cultura foi un elemento cotián e medraron rodeados de libros e de amizades do mundo da literatura



No parque do Castro (Vigo), en 1972

Para os fillos de Amparo e Valentín a cultura foi un elemento cotián e medraron rodeados de libros e de amizades do mundo da literatura que visitaban o seu domicilio situado na rúa Zamora. Rematados os estudos primarios en Sárdoma, Xela elixe para se matricular o Instituto Castelao (no barrio do Calvario), e non os que tiña máis preto da casa, por ser un dos poucos centros mixtos da cidade. A autonomía á hora de tomar as propias decisións manifestouse cedo na personalidade da futura escritora.



Xela Arias cos seus pais, Valentín Arias e Amparo Castaño



A poeta cun ano na Granxa Escola de Barreiros en Sarria | Foto: Avelino Pousa Antelo



Libro de Familia (1970) | Xela á esquerda cos seus pais e irmáns

## DA ADOLESCENCIA REBELDE

## AOS PASOS DA VIDA ADULTA

O contexto no que medra Xela Arias é ben diferente á tranquilidade de Ortoá e tamén de Lugo. Vigo era unha cidade que estaba a experimentar nos inicios da década dos setenta un proceso de expansión tanto demográfica como urbanística. A propia escritora había reflexionar moitos anos despois sobre unha mudanza na súa vida que nunca supuxo a ruptura dos seus vínculos coa Sarria natal:

“O medio fórmanos e desde os sete anos a miña cultura é urbana, eduqueime xogando nun solar e, logo de ir á escola nun arrabaldo de Vigo, seguí estudos nun centro do Calvario que é un barrio tamén moi da cidade. Fixen vida de barrio, identifícame con ela, e resultame moi interesante o que saía de aí. O urbano non é parte de min senón unha circunstancia da vida.”

*Entrevista de Xan Carballa publicada en “A Nosa Terra (N.º 426, 21 de marzo de 1990)*



Presentación da colección “Grandes do noso tempo” na Feira do libro de Vigo de 1989  
Arquivo Edicións Xerais de Galicia

O Vigo daqueles anos estivo tamén caracterizado por un contexto social e cultural que deixou a súa pegada na formación de Xela. Por unha banda, a cidade estaba a vivir un durísimo proceso de reconversión industrial que foi contestado nas fábricas e nas rúas con importantes mobilizacións. Por outro, nos inicios da década dos oitenta xurdía un movemento cultural coñecido como a *movida*, que axiña inundou, coa súa música e a súa estética transgresora, os locais de ocio da cidade. Siniestro Total, Golpes Bajos, Os Resentidos e outros grupos de rock convertéronse na banda sonora dunha época marcada polas ansias de liberdade logo do final da ditadura.

Este ambiente de efervescencia política e cultural foi o pano de fondo da cotiandade dunha estudante de bacharelato que, levada por unha crise de independencia adolescente, comezou a “elixir a rúa antes que as aulas” e acabou abandonando os seus estudos de COU (equivalentes ao actual segundo curso de bacharelato).



Xela Arias, Xosé García Crego e Celia Torres en Xerais no ano 1989  
Foto: Xoán Vilar Cardona | Arquivo Edicións Xerais de Galicia

O desexo de se independizar, a desconfianza nun sistema educativo ríxido e autoritario de máis e a atracción por un ambiente de liberdade antes descoñecido afastaron a Xela Arias das aulas pero, como recordou en máis dunha ocasión, nunca dos libros.

Desde comezos da década dos oitenta comezou a escribir poesía e a difundila a través de publicacións periódicas, recitais, e tamén do primeiro libro. Alén diso, Xulián Maure, que acababa de fundar en 1979 Edicións Xerais de Galicia, chámama para se encargar das tarefas administrativas na empresa. O contrato que Xela Arias asinará un 23 de outubro de 1980 supón o inicio dunha actividade profesional que mantivo ao longo de máis de dez anos durante os que foi asumindo tarefas especializadas do oficio, como a corrección de estilo ou a participación en decisións editoriais.



O desexo de se independizar, a desconfianza nun sistema educativo ríxido e autoritario e a atracción polo ambiente de liberdade do Vigo dos 80 afastaron a Xela Arias das aulas pero, como recordou máis tarde, nunca dos libros.

## POESÍA, NOITE E ROCK AND ROLL

Desde os primeiros 80, Xela Arias comeza a dar a coñecer mostras dunha actividade poética cuxos inicios ela situou na adolescencia. Os soportes nos que estas composicións vían a luz eran os propios dun momento de efervescencia cultural e tamén de modernización dos discursos. A nena que os seus pais recordaban escribindo desde cedo, continuou facéndoo nos proxectos editoriais que, con maior ou menor profesionalidade e duración, estaban a xurdir.

Os seus primeiros textos poéticos viron a luz nas páxinas do semanario *A Nosa Terra*. A aparición de poemas nas páxinas ou nos suplementos da prensa non resultaba inusual nun momento no que o tecido editorial, igual que tantas outras cousas, se atopaba nun proceso de formación. Xela Arias publicou tamén poesía con regularidade nas páxinas de *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* e, ocasionalmente, no *Diário de Notícias* do Porto (Portugal)

A partir dos primeiros 80 comezaron a aparecer tamén revistas, algunhas delas especializadas en poesía, que acolleron os textos da escritora. É o caso de *Dorna, Festa da palabra silenciada* (publicación feminista creada por María Xosé Queizán), *Luzes de Galiza*, *Carel*, *Neboeira*, *Espiral* ou *Tintimán*. En ocasións estas publicacións tiñan un carácter amador e artesanal, como os fanzines *Katarsis. Método para la excepción*, *As follas de Sísifo* ou *Al Loro. Guía de Vigo*. A condición alternativa destas revistas permitía unha maior liberdade na disposición do texto, que a miúdo xogaba cos espazos e coas grafías e incorporaba debuxos de ilustradores, como Pedro Sardiña, Ánxel Huete ou Xosé Guillermo.

A poesía de Xela aparecida nestes primeiros soportes preséntanos a unha autora en formación preocupada pola renovación da linguaxe poética. Os seus textos, cheos de referencias á cidade, son a miúdo luminosos e dinámicos, e ensaian xa algunhas das imaxes que andando o tempo habían ser celebradas na súa obra:

**Chovía  
Os mares sulagaban as pedras  
Retortas e cabalos  
Corea. Chick, Chick Corea. O dial esvara**

**Sabes. Estou soa. A fiestra grande da pantalla ten  
Colores chumbas fumes e un coche  
Vermello que pasa  
a ventá**

(*Faro de Vigo*, 1983)



Disco L.P. "El Desertor" (1991)  
onde Xela foi autora de numerosas letras  
para os temas musicais.

Os inicios da década na que Xela se dá a coñecer como poeta están marcados tamén pola celebración de recitais, aos que asiste con asiduidade. Algún deles –a participación en actos de mobilización contra a entrada de España na OTAN– ten un claro carácter político e constitúe unha mostra temperá do compromiso que había de manter ao longo da súa vida. Unha cita importante na que a escritora se implicou desde cedo foi o Festival da Poesía no Condado, concibido como un punto de encontro entre voces da lusofonía, Euskal Herria e dos Países Catalans, ao que acudiu de xeito regular a partir de 1983 cuns textos que quedarían recollidos nos volumes que anualmente se publicaban.

No ambiente de ebulición musical da década dos 80 participou tamén a escritora cunha actividade menos coñecida, como é a composición de letras, en castelán, para a banda de rock Desertoires, que a acompañou ademais nun par recitais. "Coges el bolso", "Déjenlo caer", "Que me dejes en paz" ou "El puñal" son algúns dos textos musicados polo grupo que ilustran unha faceta máis do interese da escritora polo diálogo interartístico.

No ano 1986, Xela Arias experimentou tamén os camiños da narrativa, coa publicación do relato "Por anticipado recaída dun mal que impide o voo", aparecido no suplemento *Pharo de Bego*, e "Que si que si", no volume colectivo *Contos eróticos/Elas*, que promovera Víctor F. Freixanes nun intento de impulsar o xénero. A participación da autora neste proxecto constitúe unha mostra máis da súa vontade de explorar territorios diversos, así como de contribuír á normalización da cultura galega.

Na cronoloxía "Un día tiven desexos e cumprinos. Aproximación biobibliográfica", elaborada por Valentín Arias para o libro de homenaxe *Xela Arias, quedas en nós* (2004), dáse noticia da preparación, en 1991, dunha colección de relatos baixo o título *Non te amola! Impresións de infancia*, para cuxa publicación a autora recibira unha subvención da Xunta de Galicia e que finalmente non conseguiu ver a luz. A obra, que reconstrúe mediante unha voz ficcionalizada os anos da infancia ensarillando diferentes anécdotas, algunhas delas de raíz autobiográfica, foi recuperada para a súa edición en 2021.

No que se refire á prosa ensaística e de non ficción, tampouco son moitos os textos que a autora deu a coñecer, máis alá de artigos de opinión ocasionais, limiares de traducións ou textos circunstanciais como pregóns ou bandos. Polo valor das ideas sobre a literatura, a propia e a do seu tempo, cómpre destacar tamén tres relatorios: "Paixón de militancia e escuros desertores" (Universidad Complutense de Madrid, 1988), "Muller e literatura" (Encontro de escritores galegos e portugueses, 1991) e "Para que os poetas hoxe?" (Círculo das Artes de Lugo, 2001).



## DENUNCIA DO EQUILIBRIO E A POESÍA DO SEU TEMPO

No que á poesía se refire, a década dos oitenta está caracterizada por un florecemento de voces que levou a falar nalguna ocasión dunha *idade de ouro*. O contexto sociopolítico, coa recuperación das liberdades, a aprobación do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística, creaba un clima de optimismo e deseñaba unha agenda chea de follas en branco e de tarefas por facer.

As historias da literatura coinciden en salientar dous feitos. Dunha banda, a superación, a partir de mediados da década dos 70, da poesía socialrealista, que florecera nos anos sesenta e tivera *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro, como texto de cabeceira. Doutra, a aparición de voces poéticas, na súa maioría masculinas e moitas delas vinculadas cun ámbito emerxente como era o do profesorado de galego, renovadoras do discurso. Desta promoción, coñecida como *poetas dos oitenta*, os manuais de literatura adoitan describir o que foi a súa tendencia dominante: unha poesía que volvía aos temas e ás formas clásicas, moi elaborada desde o punto de vista lingüístico e que se afastaba de experimentacións e preocupacións sociais.

En 1986 ve a luz, na colección Ventobranco de Xerais, o primeiro libro de poemas de Xela Arias: *Denuncia do equilibrio*. O volume, datado en 1984, aparecía cun orixinal deseño baseado na técnica do *collage*, do pintor amigo Xosé Guillermo. Igual que a poesía publicada con anterioridade (e recollida en boa medida en *Poesía reunida (1982-2004)* (2018), a obra mostraba unha notoria vontade de experimentación formal ao prescindir dos signos de puntuación, xogar coa disposición dos versos e os espazos e distorsionar a linguaxe, creando estrañas estruturas sintácticas ao tempo que insólitas imaxes:

**e se tantas voltas viaxo de nervio aprisionado  
se xiro terras e metais lenzos abertos  
entrelazados  
se escandalizo o interior derroto peixes lubinas  
caranguexos**

**é que teño o corazón de auga derretida desbordando  
vasos e piscinas  
e veñen as augas zoando coma corsarios  
dos mares da palabra**



*Denuncia do equilibrio* (1986), primeiro poemario de Xela Arias, con cuberta de Xosé Guillermo



O libro introduce ademais unha temática claramente urbana que cuestiona e denuncia a falsidade dos equilibrios aparentes. "Cuestionar a orde das cousas" é unha das funcións que Xela Arias lle atribuíu á poesía, na que posibelmente fose a súa derradeira entrevista, concedida a Ana Romaní o 10 de setembro de 2003.

*Denuncia do equilibrio* afastábase claramente do que era a tendencia maioritaria (aínda que non exclusiva) no momento da súa publicación. Ao longo dos anos 80, Xela Arias traballou tamén nos poemarios *Lilí sen pistolas* (finalista do Premio Esquíu en 1986) e *Maldito lindo* (título que Valentín Arias sitúa á altura de 1988). A autora desbotou a publicación das dúas obras.

Cuestionar a orde das cousas é unha das funcións que  
Xela Arias lle atribuíu á poesía





A intensa actividade desenvolvida por Xela Arias desde os primeiros anos 80 tivo tamén outra dedicación importante: a tradución. A práctica desta actividade estivo influída, como ela mesma recoñeceu, polo modelo paterno, e favorecida tamén polas esixencias dunha época de novos horizontes, abertos pola incorporación da lingua e da literatura galegas ao ensino e pola vontade dunha normalización cultural.

Xela Arias foi pioneira nun oficio que ata o momento se viñera desenvolvendo de maneira voluntarista e carente de calquera planificación, e que agora se presentaba como unha resposta á necesidade de crear un corpus de obras da literatura universal traducidas ao galego.

A autora implicouse desde ben cedo neste proxecto con traducións unhas veces individuais, coa axuda de equipos de colaboradores, outras en coautoría. Unha das súas primeiras versións foi dun fragmento do libro *Cabalum* (1985), do seu poeta admirado Carlos Oroza. A elas seguiríronlles, a partir do ano 1986, obras da literatura en lingua portuguesa (*O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: unha historia de amor*, de Jorge Amado; *Amor de perdición*, de Camilo Castelo Branco), española (*O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flórez), italiana (*Contos ó teléfono*, de Gianni Rodari) ou inglesa (*As bruxas*, de Roal Dahl; *O derradeiro dos Mohicanos*, de Fenimore Cooper; *Drácula*, de Bram Stoker; ou *Venus negra*, de Angela Carter). Xela Arias formou parte tamén dos equipos que trasladaron ao galego *Dublineses*, de James Joyce, e *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*, de Cervantes.

Unha parte do labor tradutor da autora tivo que ver co ámbito da literatura infantil e xuvenil. Ás obras citadas debemos engadirllas os primeiros volumes da serie *Franka*, de Henk Juijpers, *Os Corredoriras*, de Juan Farias ou *Rosa, miña irmá Rosa*, de Alice Vieira. Alén diso, Xela Arias participou durante tres anos das decisións editoriais da colección Xabarín, nacida co obxectivo de crear un catálogo de obras da literatura xuvenil universal en galego.

Xela Arias foi distinguida co Premio de Tradução da Sociedade da Língua Portuguesa pola súa versión de *Amor de perdição* e, pola de *O derradeiro dos Mohicanos*, co Ramón Cabanillas, compartido con Darío Xohán Cabana.

A súa implicación na tradución levouna a formar parte, desde a súa fundación, da Asociación de Tradutores Galegos (ATG), así como do consello de redacción da revista *Viceversa*, fundada en 1995.

A contribución á creación dun catálogo de obras universais que puidesen ser lidas en galego -convicción profunda que expuxo en varias ocasións- convérteala nunha figura pioneira que se aproximou ao que hoxe coñecemos como tradutora profesional.

En 2018, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) creou na súa memoria o Premio Xela Arias, co obxectivo de recoñecer persoas, entidades ou empresas que destaquen pola promoción do galego nestas actividades.



Capa de dúas das obras traducidas por Xela Arias  
*O derradeiro dos mohicanos* (Xerais, 1993)  
*Drácula* (Xerais, 2000)

## FOTOGRAFÍAS E VERSOS

## EN PAREDES E PÁXINAS DOS LIBROS

Nos primeiros anos da década dos 90 teñen lugar acontecementos importantes na biografía persoal e literaria de Xela Arias.

En 1990, nun golpe de temón na súa vida, deixa de formar parte do cadro de persoal de Edicións Xerais de Galicia para iniciar unha nova etapa e retomar os estudos que deixara dez anos antes. A escritora matricúlase en Filoloxía Hispánica no Colexio Universitario de Vigo. O seu retorno ás aulas non supón nin a renuncia ao traballo editorial, que segue mantendo en calidade de colaboradora externa ata 1996, nin tampouco á creación poética.

Alén da súa colaboración en revistas e recitais, a autora explora un novo camiño, outra volta interartístico, na súa escritura poética. Neste caso trátase do diálogo entre a poesía e a fotografía, motivada pola proximidade con Xulio Gil, con quen inicia unha relación sentimental a finais dos anos 80 e casa en 1992. Interesado pola súa poesía, logo de escoitala recitar, propúxolle un proxecto de colaboración que se concretou no libro de fotografía e texto *Tigres coma cabalos* (1990) e na exposición homónima, inaugurada no Colexio de Arquitectos de Vigo, que visitou varias cidades.

A experiencia parte dun traballo individual de fotografías e poemas que os autores intercambiaron para elaboraren unha obra conxunta. As fotografías reproducen corpos espidos, incluído o da propia poeta, expostos nun escenario decorado cun aderezo simple. Poeta e fotógrafo esforzanse, nun breve texto limiar en desvincular a obra de calquera tentación de lectura biografista e de insistir no diálogo entre dúas linguaxes diferentes:



*"Fotógrafo e poeta propuxéronse facer cada quen 24 orixinais en cadanseu medio e en cadansúa respectiva soidade. Logo veu o intercambio e cada un deles traballou 24 novas creacións sobre os orixinais do outro. Iso foi o modo. Agora non lles interesa fixérense en que foi feito antes e cal mellor resolto. Aquí ofrécenvos os resultados nunha orde que nada ten que ver coas cronoloxías, e contentaríanse, en canto á proposta, con que atopásedes algo na unión dos dous medios, e dos dous sentidos -mesmo na distancia-, e con que tamén vos despreocupase o como e quedásedes co que e co porqué. En todo caso, aí quedan. Nin pés de foto, nin ilustracións ó texto. Se tal, a historia."*



Cartaz promocional da exposición "Tigres coma cabalos" (1990)



Capa do suplemento do Diário de Noticias onde informa en catro páxinas interiores do proxecto "Tigres coma cabalos"

Estas aclaracións non conseguiron librar dalgunha lectura en clave erótica e libidinosa un libro no que aborda a relación de suxeitos nun contexto urbano e cunha linguaxe tensa que ensaia insólitas imaxes: "¡Tigres coma cabalos abrasados, / coma cabelos escuadras en rebelión / renxidos!".

En canto diálogo interartístico, a obra supón un achegamento entre linguaxes que explora as fronteiras da poesía e procura un novo contexto para a súa interpretación:




*"A idea de colgar os poemas nunha parede é suxerente e positiva. Hai que deixar que a poesía saia á rúa, quitala do sillón do lector."*

Entrevista de Montse Carneiro, 1990

## A MATERNIDADE

## A DIARIO

Nos anos 90 ten lugar tamén un acontecemento que transformou a visión do mundo da escritora e do que deixou constancia nun libro absolutamente singular na tradición literaria galega. Trátase do nacemento do seu fillo Darío Gil Arias, en 1994, e da conseguinte publicación de *Darío a diario* (1996).



Portada de *Darío a Diario* (1996)  
Edicións Xerais de Galicia

O libro aparecía nun contexto determinado pola emerxencia de novas estéticas dentro dun abano que foi denominado, de maneira xenérica, *poesía dos noventa*, onde a presenza de escritoras e o desenvolvemento de poéticas de xénero ocuparon un espazo central. Como reacción aos excesos retóricos cometidos na tendencia dominante da década anterior, estas escrituras optaron en xeral por un desprendemento do artificio en prol dunha comunicación máis directa.

Unha obra como *Darío a diario*, cuxa portada reproducía a imaxe do bebé sostido polas mans da nai, resultaba singular pola naturalización da experiencia da maternidade e das mudanzas que esta supuña na vida cotiá. Lonxe das idealizacións desde as que se viña tratando o tema na tradición, o libro de Xela Arias mostra a admiración, a sorpresa, as dúbidas e a necesidade de adaptación constante que esta vivencia implica.

O libro supuxo ademais un alegato a respecto da independencia e do sistema de valores transmitidos ao seu fillo:

**Busco o modo de te acompañar sen estorbo,  
que sexas ó meu carón feliz e creador  
de ti,  
de ti e mais do mundo que apañes.**

Outra das novidades de *Darío a diario* é a de afastarse da maternidade concibida desde un punto de vista meramente biolóxico ("non sangue do meu sangue. Non carne da miña carne") e reivindicala, na liña dos feminismos non esencialistas, como unha experiencia intrínseca á condición feminina, pois "hai posible en ser muller un privilexio imposible de transferir". O feito de estar o libro dirixido á criatura que acaba de nacer condiciona a linguaxe, máis simple que a de libros anteriores, pero empoderadora dese novo suxeito feminino convertido en "deusa hindú de múltiples brazos" ou en "raíña parlante".

Nos anos de *Darío a diario* Xela Arias remata a súa formación académica e continúa a colaborar en publicacións periódicas e chamamentos para proxectos colectivos, como o libro-cd *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (1997), *A poesía está na rua* (Porto, 1999), con motivo da celebración do 25.º aniversario do 25 de abril, ou o concerto poético-musical celebrado en Pontevedra con Alberto Conde no ciclo 'O son dos poetas' (1999). Este espectáculo, no que o músico de jazz acompañaba o recitado cunha composición creada sobre textos que no futuro verían a luz no volume *Intempériome*, é unha mostra máis da vontade, por parte da escritora, de experimentar co diálogo interartístico, nomeadamente coa música.



Xela Arias co seu fillo Darío no colo (1994)



Xela Arias nunha viaxe a Marrocos



## A ESCRITURA INTEMPESTIVA,

## Á INTEMPERIE

En 2003 viu a luz *Intempériome*, o derradeiro poemario do que a autora ensaiara xa algunhas versións en actos públicos. A obra presentaba unha concepción e unha estrutura un tanto diferentes aos libros anteriores, por estar enunciada por un suxeito ficcional marxinal (“negra, asombrada, fanática africana” [que] “arrolo a miña sida”), e por combinar un longo poema inicial con outros de extensión curta e ton por veces lapidario. O proceso de distorsión sintáctica practicado en páxinas anteriores vólvese nesta obra máis radical ata o punto de se romperen os propios poemas. A linguaxe vólvese estraña e imprevisible:



Ba  
léirate  
me

de enormes termos inexactos  
a pretensión escándalo.

Me  
diocratizaste  
me.

Tanto a presentación do libro como a súa recepción víronse truncadas polo falecemento repentino da autora no final dese mesmo ano. O fatídico suceso deu lugar á lectura en clave biografista -e trágica- dunha composición na que é doado apreciar ademais unha crónica xeracional:

De xeito, a vida ía en serio.

Por iso morrer non conta  
números.

Eras moza,  
cómplice nunha derrota que non  
sumabas. Feliz por terte insomne  
por inmortal.

Xa temos cadáveres amigos  
e coñecidos,  
sabemos da morte o legado inútil.

Pero que ridículo!, non?  
abrazar o feito feliz de xa medrar  
-camiñar ás aforas-  
en tempos asepticamente tan  
Alienados.



Nun novo achegamento á linguaxe musical, neste caso á da improvisación libre, proponlle a Fernando Abreu un proxecto de colaboración sobre os textos de *Intempériome*. Para a procura dun punto de encontro entre as dúas linguaxes, o músico gravou a voz de Xela recitando os textos de dúas das tres seccións nas que se estrutura o libro.

O que nun principio foi unha gravación de traballo acabou converténdose nun dos últimos rexistros sonoros da autora e nun documento valiosísimo sobre o que se compuxo o espectáculo “Vencerse é cousa de se tratar”. Este foi interpretado en varias ocasións e publicado en 2021 acompañando a reedición do poemario.

## OUTROS COMPROMISOS E ESA VIDA, QUE ÍA EN SERIO

XELA  
ARIAS

Xela Arias morreu de maneira repentina o 1 de novembro de 2003, dous meses despois de conceder a que talvez fose a súa derradeira entrevista, no Diario Cultural de Ana Romaní, e uns poucos días antes de presentar *Intempériome* en Vigo.

O seu alumnado agardaba por ela no Instituto Monte Carrasco de Cangas, igual que a música que estaba a compoñer Fernando Abreu a partir dos textos do libro, o mesmo que numerosos proxectos empezados e, por suposto, que o seu fillo Darío.


A noticia do falecemento da escritora suscitou unha marea de condolencias, necrolóxicas e composicións de homenaxe. Un ano máis tarde, o pesar colectivo, os afectos e os recoñecementos colleron forma nunha homenaxe celebrada en Vigo, o 29 de maio de 2004. Nela participou unha representación importante da cultura galega. Fernando Abreu interpretou a música de "Vencerse é cousa de se tratar" acompañando a voz gravada da autora. Nese mesmo ano viu a luz o volume colectivo *Xela Arias, quedas en nós*, coordinado polo seu pai, Valentín Arias. Ademais de reunir traballos varios, o libro inclúe a cronoloxía "Un día tiven deseños e cumprinos. Aproximación biobibliográfica", que veu sendo considerada ata o momento canónica.

O paso dos anos foi construíndo a figura da autora como unha icona da modernidade, feito ao que contribuíu sen dúbida o material gráfico difundido sobre ela. O nome de Xela Arias medraba, de maneira especial entre o público máis novo, como unha escritora innovadora, rebelde e inconformista.

A pesar da reivindicación de Xela Arias para o canon da poesía galega contemporánea, a súa obra permaneceu durante varios anos descatalogada ata a publicación en 2018 do volume *Poesía reunida (1982-2004)*.

A candidatura de Xela Arias fora proposta en dúas ocasións, 2014 e 2015, para o Día das Letras Galegas. En 2019, a plataforma de crítica feminista A Segra rendelle a súa particular homenaxe alternativa ao lle dedicar o Día das Galegas nas Letras.

O Día das Letras Galegas 2021 dedicado finalmente a Xela Arias está a facer circular polas redes sociais materiais diversos que, a xeito de recuperación e de homenaxe, comparten entidades e particulares.



Portada do libro colaborativo  
*Xela Arias, quedas en nós*  
Xerais (2004)

# Serendipidade

Son dese tipo de persoas que acreditan que na vida todo acontece por algunha razón.

Creo que todo ten un porqué e deberíamos entender que as cousas acontecen simplemente porque teñen que acontecer. É moi fácil deitar culpas nos outros do que nos acontece na nosa vida talvez porque pensar que, se cadra, nós somos os verdadeiros culpábeis non nos agrada moito.

Esa pregunta que te fas a ti mesma cando estás na cama ollando para o infinito? "Porque a min e non a outra persoa?".... A resposta é moi simple. Tiñas que pasar por iso.


Antes de continuar quérome presentar: O meu nome é Yoli, teño 21 anos e esta é a miña historia.

Cando tiña 17 anos aconteceu unha cousa que nunca tería imaxinado. Era unha estudante de 1º de Bacharelato procurando obter as mellores notas para entrar no que eu cría que iría ser a miña carreira ideal: tradución e interpretación de idiomas. Eu non me sentía unha rapariga "popular" no instituto, mais estaba rodeada de moi boas amizades. A miña vida era moi común: ía ás aulas, participaba nas actividades, asistía a festas, etc. Mais por sorte ou por azar todo mudou.

Un día comecei a me sentir moi estraña, o meu estómago incomodábame e digamos que non me sentía ben. Pasado uns tempos como non ia a mellor decidín ir ao médico que me dixo que tiña gastroenterite aguda. Un mes despois eu continuaba na mesma, con 20 quilos menos e sobre todo con grandes dores. Finalmente, após o meu ingreso hospitalario e algunhas probas médicas fun diagnosticada cunha doenza crónica: colite ulcerosa.

Imaxino que gran parte de quen estades a ler isto non saibades que é, e tamén imaxino que xa estaredes a procurar en google ao respecto. Vémonos de aquí a un pouco.

Ben, agora que xa sabedes o que é (iso espero) non quero que sintades pena ou calquera cousa



parecida por min; son unha persoa moi afortunada aínda que non pensedes iso.

Farei un resumo do que aconteceu. Tiven que deixar os estudos e isto provocoume unha depresión e agorafobia. Vin as amizades de toda a vida graduándose e eu non poder estar aí por causa da miña doenza. A miña vida deu un xiro de 180º sen que eu puidese parar nin para asimilar toda a situación.

Mais, como xa vos dixeran antes, todo acontece por algunha razón e isto era apenas o inicio de algo moi grande. Despois do meu ir e vir, encontrei a saída dese pozo que me estaba a consumir en tan pouco tempo e, aos poucos, comecei de novo a sorrir; a ser feliz. Grazas á miña asociación, ACCU Coruña, deixei de me sentir soa. Eu non era a única persoa con colite e sobre todo, descubrín que hai máis vida alén desta doenza; unha boa vida. Foi aquí, neste lugar, onde comecei a escribir, escribindo sobre como a miña doenza mudara a miña vida para mellor.

Neste tempo todo, aprendín quen estaba verdadeiramente ao meu lado, e iso fíxome valorar moito máis as persoas que me rodean. Nin todos os agradecementos do mundo serían abondo para todo o que a miña mellor amiga fixo por min, levantándose cada vez que eu caía, ou como o meu irmán procuraba alegrarme a facer parvadas, ou como un dos



meus cans foi quen de me axudar a perder o medo a saír á rúa....

Con respecto aos estudos, demorei catro anos en concluír segundo de bacharelato, con moito esforzo e ás veces pensando se eu sería parva por non ser quen de o acabar antes; foi só despois que entendín que o importante non é ser a máis rápida, senón chegar á meta, tardes o que tardares. É verdade, non acabei o instituto con 18, mais si con 21 anos. E que? Conseguinto. Este 2018 pasaron moitas cousas e foi un ano que fica gardado na memoria, e eu só podoo estar orgullosa de ver a onde xa conseguín chegar:

Conseguinto acabar o curso cunha media de 8.6; presenteime á selectividade; saquei un 10,51 estudando dous días antes porque na miña vida privada tampouco tiveron facilidades. Cando souben a miña nota de selectividade, pasei unha semana enteira a chorar de felicidade. Si, por fin conseguira facelo!

Estou a escribir este texto mentres estou a ver todo o que teño para estudar do meu exame do próximo xoves. O meu último exame deste cuadrimestre. Si, conseguín entrar na miña carreira coa nota máis alta no grao duplo que estou a estudar, que xa agora é de filoloxía inglesa e galego-portuguesa. Continúo a gostar moito das linguas como podedes comprobar.

Alén diso teño un blog persoal e grazas a el axudei a moitas persoas e incluso colaborei con empresas e aplicacións web.

Actualmente son tamén a coordinadora de xuventude da ACCU (lembrades?), xa viaxei por toda a España representando a miña provincia e costumo ir ao hospital visitar doentes para que non se sintan tan sós como eu me sentín no seu momento.



*Yolanda acabou os estudos no Epa Pondal e entrou na universidade. Actualmente está a realizar un grao duplo en filoloxía*



*ACCU-Coruña é unha asociación sen ánimo de lucro de doentes de Crohn e Colite Ulcerosa da provincia da Coruña fundada en 1993. Ten por obxetivos garantir a atención en todos os aspectos da vida das persoas afectadas polas Doenzas Inflamatorias Intestinais Crónicas (DIIC), como tamén atender as necesidades dos seus familiares. A súa páxina web: <http://accucoruna.org/>*

# In memoriam

*“palabras, e palabras, e palabras!  
Da idea a forma inmaculada e pura  
¿dónde quedou velada?”*

Silencio de Rosalía de Castro



As palabras non din, non palpitan coma o noso seo cando vos lembramos, cando falamos de vós e con vós, mais debémosvos, queremos, desexamos dicirvos o moito que vos queriamos e que vos botamos en falta mais non creades lectores e lectoras que non están. Cando os seres son e aman de corazón nunca desaparecen. Viven en cada célula da EPA Eduardo Pondal porque eles foron alfareiros desta comunidade.

## **José Luis**

Xogral das nosas celebracións

Observador do fondo das almas tristes e soas

Silencio acolledor e palabra precisa sempre amorosa

Erudito sabio, perenne, xeneroso, bo

Lector atento e agradecido. Capaz de descubrir os silencios das palabras

Utópico mais asentado na realidade, os teus ollos soñaban coa lúa azul

Irónico mais nunca sarcástico, fillo dun sorriso transparente

Solidario con todas as causas desde a non presenza que vive para as loubanzas.

Ogallá puidese transmitirche canto vives en nós, en todos e todas mais ao mellor xa o sabes, do mesmo xeito que coñecías a cada un/unha de nós e a cada un/unha nos facías no teu colo un cocho para pasar os duros días do inverno da vida. Aínda que as nosas púas te mancaran, nunca te queixaches e nunca tiveches una má palabra.

Eras como o vento que arroupa e sementa a terra. Ninguén ve o seu facer mais cando chegas á alba do día descubres que agromou a vida.

## **Elvira**

Entrañábel, eras quen de provocar todos os mecos e, ao mesmo tempo, todos os demos

Loitadora, defensora dos teus aínda cando sabías que non eras correspondida

Vivinteactiva da historia deste Centro

Incontinente, irreverente, enxeñosa

Rebelde coas normas cando non respectaban o/a outro/a, nunca calabas ante una inxustiza, eras a primeira en defender aos/áscompañeiros/-as

Amorosa coma as rosas. Era fácil e difícil amarte porque non era doado abrazarte. Dábache medo o amor? Eras un ser ferido en busca de paz. Espero que xa a atoparas, amiga.

Lembro aquela mañá, a voz rota de Paloma, os ollos doridos de Veli, as preguntas sen resposta, a dor invadindo a secretaría. Elvira eras un trono, un terremoto, un sorriso triste, uns ollos brillantes, soñadores, en ti non había o medio. Eras todo envolvendo a nada. A nada envolvendo o todo.

## Discurso de xubilación do creador desta revista



### *AMIGO, CANTO TE BOTAMOS DE MENOS!*

*Dos advertencias. Primera: a lo largo del relato hay voces resposdonas que lo contrapuntean; una especie de coro socarrón, impertinente, con voces individualizables que a algún oyente avisado podrían parecerle identificables. Cometería un error. Lo que a continuación se cuenta procede sin más de la mente alterada y calenturienta del escriba.*

*Segunda: en el relato sólo se cita a algunos compañeros, no a todos. No por preferencias ni olvidos discriminatorios, simplemente por imposición de un tiempo narrativo que ha de ser breve. Pero quiero dejar constancia de que todos están, estáis presentes en el corazón del narrador.*

La verdad esencial que me ha sido revelada después de años de trabajo, cuando mi cuerpo se iba sintiendo lacerado como el de un San Sebastián, estaba ya recogida en una cantiga de Santa María, de Alfonso X, la de la leyenda de San Ero, el fundador del monasterio de Armenteira; según la leyenda San Ero fue abducido por el canto de un pájaro durante tantos años que al volver al estado de consciencia normalizada no reconocía a sus coetáneos. Había entrado en la dimensión trascendente de la felicidad, del ensimismamiento absoluto, su particular nirvana. En cierta medida, a mí también me ha ocurrido: he sido cautivado por tantas historias y por tantos rostros diferentes que mi mente, ensimismada, se asemeja a la de un boxeador con demencia pugilística.

### CORO

- Ja, ja, San Sebastián. Ya quisiera! Tiene un cuerpo que parece esculpido a motosierra por Leiro.*
- Qué ha dicho de Ero... será Eros... A éste todo lo concerniente al amor le vendría que ni pintado, pero ya no está en edad. ¡Qué se vaya a mirar obras y a darle pan a las palomas!*
- ¿Habéis oído?, demencia pugilística, dice...Cierto, está tonto, aunque su nirvana procede del deterioro cerebral.*





Uno cree que con el paso del tiempo y la superación de órbitas alcanzará la plenitud, pero la realidad es otra: la vida, siempre difícil y esquivada, debe ser tallada con un buen cincel paso a paso, con paciencia y humildad, sin excederse en el golpe para no arruinar el bloque primigenio. Éste debe ser trabajado hasta quedar perfectamente pulido, bello. Una labor de la que algunos, supongo, se aburren y optan por dejarlo maculado. En mi caso, fue durante ese empeño de preparación del bloque cuando sufrí vértigos, me desvanecí y entré en lo que calificaríamos como un tiempo de San Ero, sintiéndome ingrátido y recorriendo un extraño camino sin rocas ni flores ni pastos, sino compuesto por ondas que trasmudaban en notas musicales e imágenes artísticas. Sonaban acordes y letras reconocibles,

***“El bosque sin árboles  
Las nubes sin agua  
Las playas sin arena  
El fuego sin llamas”***

*(Para los no iniciados debo manifestar que esta estrofa pertenece a una canción de Trac).*

y dos imágenes prevalecían, la Escuela de Atenas, de Rafael y el Pórtico de la Gloria, de Mateo. No era casual. Una simbolizaba el mundo del conocimiento y la otra, la Jerusalén Celestial. En esas imágenes los rostros no se correspondían con los originales. Yo no veía a Aristóteles, sino a Ángeles; no a Platón, sino a Dulce; no a Epicuro, sino a Ramón; no a Plotino, sino a Pedro...

### CORO

- Dijo, que tuvo vértigos? Sería de morapio.

- Ya lo creo. Dice que representan el conocimiento...Es evidente que bebe. Ángeles con el dedo hacia arriba y Dulce con el dedo hacia abajo. Ja, ja, seguro que están discutiendo si la Sagrada Familia queda arriba o abajo.



Así fue mi tiempo de San Ero. A Martín lo veía en Sócrates, a Elvira en Diógenes, a Emiliano en Arquímedes...




### CORO

- A Elvira en Diógenes? Recostada en la escalinata? Será cabrón. Nunca la deja tranquila, siempre con pullitas, esto es acoso. ¡Venga de una vez, a casa!



Más sugerente resultaba mi visión del Pórtico. Humbertiño, sin duda, figuraba entre los seres que afinan instrumentos; Pombiña, Manu, Veli, Alicia y Ana, también. Florbela era uno de los evangelistas...





## CORO

-Qué Paloma y demás están en la arquivolta? No, idiota, en todo caso serían ángeles portando instrumentos de la pasión, cruz, corona de espinas... por el sufrimiento que padecieron mientras ocupaste cargo directivo.



- Y espera, espera, a ver dónde coloca este cabrón a Mari Loli.

Doriñas sería Hipatía o la escultura de Atenea de La Escuela de Platón...

Ahora que de nuevo he vuelto al mundo real, puedo aseguraros que fue un tiempo maravilloso, tan sólo velado por la sustitución de rostros en la arcada del infierno. Pero aquí no apunto nombres, apenas recuerdo, mejor lo dejo para que cada cual juegue a su antojo.

## CORO

- Ahí estás tú, eres el lambón condenado a una eternidad sin empanadas.



Sí, fue un tiempo hermoso. Yo al menos me he quedado con la idea de que a través de la EPA, tal vez acrónimo de Escuela Popular de Atenas, se accede al Paraíso.

**CORO**

*- Al Hades, corazón, no te equivoques. Ve ahorrando la moneda para Caronte.*




Como trabajador de la Consellería debo terminar haciendo lo habitual, una corrección de errores sobre lo anteriormente expresado. Es verdad que a Florbela creí verla como uno de los evangelistas, pero en algún otro momento, en algún nuevo destello, su rostro sustituía a la maestra de la “Escola de Doloriñas”, la imagen que con seguridad mejor la representa, porque Amparo personifica el amor por la educación. Si con su marcha os sentís desorientados, un poco huérfanos, seguid las flechas que conducen a la biblioteca del centro, ese espacio de aprendizaje libre, autónomo, sosegado que ella fue consolidando con dedicación, paciencia y profesionalidad.



Jose Luis dando o seu discurso de xubilación



Comida de fin de curso de 2018




*Foi uma honra partilhar com o Zé Luís a escrita deste pequeno trabalho para a revista "Retallos", a publicação que ele criara e que logrou manter acesa durante seis anos. Eis na sua memória uma versão sintética daquele artigo publicado em 2016.*

*Humberto Morán Fraga & Jose Luís Cajigal*

# GUIA DAS IDEOLOGIAS POLÍTICAS

Para começar um mapa...

As ideologias políticas contemporâneas podem ser bem compreendidas através de dois eixos conceptuais que permitem situá-las e caracterizá-las com clareza. O eixo vertical define o papel do estado na organização social e política dum país, enquanto o eixo horizontal define o grau de estratificação da sociedade que cada ideologia defende ou persegue. Resulta assim um mapa com quatro espaços nos que parecem navegar as diferentes ideologias, achegando-se ou afastando-se dos eixos de referência segundo as ideias que as conformam.



Um leitor de perfil poético poderia interpretar este esquema como um peculiar mapa geográfico. Ao norte o estado protetor, forte e burocratizado, para alguns equivalente à estrela polar do firmamento. Ao sul a ausência de estado, que para alguns outros é comparável a um formoso céu cintilante, acefálico, conformado por milhares de corpos brilhantes de tamanho semelhante. Ao leste o horizonte da desigualdade, a sociedade de classes, com um sol nascente que não aquece a todos por igual: amorna os privilegiados mas não livra de calafrios aos deserdados.

Ao **oeste** a *sociedade igualitária*, a esperança de que no ocaso do sol, trás séculos de história frustrante com antagonismo de classes e poderes despóticos, será possível um mundo de justiça e igualdade.

### As quatro esquinas

A combinação destes dous eixos gera as quatro ideologias básicas que emolduram todas as demais. O **comunismo** clássico persegue uma sociedade igualitária através da conquista do poder pelos trabalhadores, que inicialmente tomam o controlo do estado e utilizam este como ferramenta de nivelção social (“ditadura do proletariado”) suprimindo a propriedade privada dos meios produtivos, eliminando a dominação de classes e ficando os alicerces para construir a sociedade comunista. Este tipo de sociedade, inspirada na formulação de Karl Marx e os seus seguidores, não foi ainda estabelecida na sua fase mais avançada, mas ao longo do século XX diversos países têm ensaiado processos comunistas com diferentes formas, evolução e resultados.



O **capitalismo** assume como necessárias tanto a liberdade de mercado como a divisão classista da sociedade, de tal jeito que uma minoria possui os meios produtivos e geradores de riqueza (grandes empresas e capitais financeiros) enquanto a maioria vive

subordinada através do trabalho assalariado ou bem imita em escala reduzida o modelo empresarial da minoria. O *capitalismo de estado* acontece nos países em que este modelo está promovido e controlado pelo próprio estado mediante uma organização forte e burocratizada; nestes casos a proximidade entre o poder político (governo/estado) e o poder económico (capital) é máxima.



Pela sua banda, o **liberalismo** poderia ser etiquetado de capitalismo sem estado ou com um estado reduzido à mínima expressão: de acordo com os teóricos originais, como Adam Smith, a vida social baseia-se na liberdade individual e na propriedade privada e a sua organização deve reger-se pela lei da oferta e a demanda, a liberdade de mercado e a não intervenção do estado nos assuntos económicos. Atualmente usamos o termo “desregulação” para definir este postulado clássico do liberalismo que defende a liberdade total dos agentes económicos para produzir, comerciar ou especular sem qualquer limitação ou regulação.

O anarquismo rejeita as formas convencionais da autoridade e do poder político, religioso ou económico e portanto persegue a abolição do estado. Os anarquistas, ou libertários, também são contrários à propriedade privada e procuram formas de organização social não hierarquizadas baseadas na livre



associação, na democracia direta e participativa e na autogestão, tal como propunham os ideólogos clássicos Proudhon e Bakunin. Nas comunidades anarquistas a autoridade deve ser substituída por acordos solidários entre os indivíduos já que todos são coproprietários dos meios de produção e todos vivem fazendo parte da sociedade igualitária. As experiências libertárias desenvolvidas até agora não têm abrangido extensos territórios senão comunidades mais modestas, assembleias cidadãos ou conselhos de trabalhadores.

### Sopa de ideologias

Temos situado no noroeste do mapa diversas ideologias que por uma parte se inspiram nas ideias socialistas ao tempo que concedem ao estado um papel regulador. O leninismo foi a adaptação do marxismo realizada por Lenine para adequá-lo às condições da Rússia agrícola e subdesenvolvida de começos do século XX, enquanto o estalinismo nomeia a praxe desenvolvida por Estaline após a morte de aquele, especialmente durante os anos trinta e quarenta na União Soviética. Infelizmente nesta época a repressão sobre qualquer dissidência ou postura crítica foi brutal e alcançou mesmo a alguns camaradas revolucionários como Trotski, perseguido até o exílio e finalmente executado.

Foi na segunda metade do século XX que muitos partidos socialistas europeus decidiram abandonar a via revolucionária e participar na dinâmica das democracias parlamentares. Esta linha social-democrata, ainda hoje vigente, persegue reduzir as desigualdades e promover maior justiça social, mas aceita o sistema

capitalista como marco sócio-económico. É por isso que a sua posição no mapa se achega ao centro.

Também achegada ao centro, mas desde o nordês, temos a democracia-cristã. Trata-se dum capitalismo domesticado pela doutrina social que a igreja católica desenvolveu no século XX, especialmente durante a década dos anos sessenta. Ocasionalmente pode apresentar-se mais liberal, mas na sua essência concede um papel relevante ao estado na organização e distribuição de recursos. Cumpre dizer que a maioria dos partidos governantes em Europa nas últimas décadas pertencem bem a esta família democrata-cristã ou bem à social-democrata já mencionada.



Além do mercantilismo, um capitalismo de estado desenvolvido pelas monarquias absolutas europeias até o século XVIII, a presença mais inquietante deste sector nordeste é o *fascismo*, que exalta o estado como fim supremo da vida das pessoas, proclama a superioridade “racial” de alguns indivíduos sobre outros, emprega a violência, a repressão e o terror contra os adversários e usa os poderes do estado para controlar a vida social e pessoal da população: assim, por exemplo, os trabalhadores são controlados através do sindicalismo vertical e a mocidade dominada mediante um sistema educativo convertido em simples doutrinação. Os fascistas são visceralmente anti-comunistas e ademais anti-democráticos: não aceitam o governo das maiorias e tentam justificar o direito das


“minorias qualificadas” a exercer o poder: Mussolini afirmava “*o número é oposto à razão*”. O fascismo italiano, o franquismo espanhol e o nazismo alemão constituem os exemplos mais representativos no século XX deste paradigma ideológico.

No sudeste do mapa incluímos o *capitalismo social*, uma domesticação laica do modelo liberal que incorpora o objetivo de garantir um mínimo de serviços públicos ainda que com menor protagonismo do estado. Pola sua parte o *neoliberalismo* não é mais que a revitalização do liberalismo e capitalismo clássicos mas agora adaptados aos interesses da globalização económica do século XXI. A ofensiva neoliberal destes últimos anos consistente em privatizar empresas energéticas e de transportes, externalizar a gestão de serviços públicos e liberalizar as atividades comerciais e financeiras está-se a viver de forma dramática especialmente em muitos países onde os serviços públicos tinham logrado uma ampla rede de coberturas ao longo do passado século.

Finalmente o espaço sudoeste acolhe as versões mais coletivistas do anarquismo como o socialismo libertário de Bakunin; também inclui em grande parte o atual movimento anti-capitalista, que se assenta nas ideias socialistas mas desconfia dos excessos das organizações hierárquicas; e mesmo recolhe outras posturas mais centradas como os grupos ecologistas progressistas, que combinam a defesa do meio ambiente com propostas políticas de tipo social-democrata.

### **Na procura do tesouro**

Eis o marco que vimos de articular através desses dous eixos referidos ao papel do estado e à estratificação social. Agora pois ... somos quem de compreender e situar qualquer ideologia no espaço político? *Possuímos um mapa e dispomos das legendas para interpretá-lo ... portanto ... Rumo firme e adiante na procura do tesouro!*



# Visita ao parque de Sotavento

O parque eólico de sotavento é unha área de investigación, divulgación e formación, de enerxías renovables. Atópase en Xermade, Lugo, na Serra da Loba, e o seu nome vén da súa estratéxica posición para aproveitar o vento.

O día que nós fomos, non era moi apracible, o vento e a chuvia e mais o frío fixeron que non vísemos moito das instalacións exteriores, ademais non puidemos desfrutar do chocolate de benvinda feito na cociña parabólica solar, unha mágoa. A recepción atópase no edificio principal, que ten a forma das aspas dun muíño visto dende arriba. Entrando á dereita temos o salón de actos, alí fixemos a primeira parada. Amosáronnos cuns vídeos os tipos de enerxías que hai e cales son as máis limpas, pero as que máis usamos son as fósiles ou non renovables, que son as que máis beneficios deixan ás grandes compañías. Cunha pouca boa vontade poderíamos sacarlle moito partido aos nosos poucos recursos. Por exemplo, na central térmica de As Pontes, poderíase aproveitar todo ese vapor de auga que sae á atmosfera para abastecer, se quixesen, a maior parte dos edificios públicos do concello.

Puidemos ver tamén as distintas fontes de enerxía que se usan no complexo, teñen vinte e catro aeroxeradores de nove modelos distintos, con distintas potencias e marcas. Traballaran hai uns anos cun sistema de almacenamento con hidróxeno, pero leva parado dende 2011.

Fóra do edificio principal puidemos ver un aeroxerador por dentro, son enormes, con paneis de control na base e unhas escaleiras que chegan ao cumio.

Xa hai que estar en forma para dalas subido todas! Unha cousa que non sabía é que precisan dunha velocidade específica para funcionaren, con pouco vento non traballan e se vén forte de máis, paran tamén por seguridade.



O seguinte punto na visita foi a vivenda bioclimática, encantoume. É un exemplo de como teríamos que facer as cousas para aforrar enerxía e aproveitar os recursos que xa temos ao noso favor. Mantense a uns vinte graos todo o ano sen calefacción, e como o fan? Pensando ben as cousas. Dende a súa posición e forma do terreo, pasando polos muros trombe, ata os paneis solares e demais sistemas de aforro enerxético.. A parte que da ao sur, a máis aberta, é a que ten as fiestras máis grandes facendo unha galería. Diante hai uns paneis horizontais estratéxicamente colocados para deixar pasar os raios de sol ao interior no inverno, que á súa vez reflíctense nun estanque que está xusto diante da galería. Toda esta calor que se acumula entra na casa grazas á domótica. Unhas fiestriñas na zona alta da parede, ábrense para deixala entrar e tamén se pechan se fai calor de máis



No interior a calor viaxa grazas aos ventiladores que hai no teito, que está aberto en toda a casa para que esta poida fluír. Na parte de diante tamén se atopan os muros trombe: zonas do muro feitas de varios tipos de pedra e materiais que axudan a recoller de novo a calor de fora e pasala a unha cámara de aire que ten dúas portañas, que se abren ou se pechan segundo queiramos frío ou calor. As fiestras teñen todas ponte térmica e persianas automáticas de aluminio. Da primeira habitación pasamos a un aseo con luz natural a un baño que recicla a auga do lavabo para encher a cisterna.

A zona da casa orientada ao norte (máis frío), ten as fiestras moito máis pequenas e hai menos tamén. Aquí tamén se atopa a despensa, perfecta pola súa fresca temperatura. Hai unha zona na casa chea de caldeiras e acumuladores, a menos bonita, a de biomasa, a da enerxía xeotérmica e a dos paneis fotovoltaicos e solares, dispostos estes por varias zonas do tellado para aproveitar os raios todo o día. A enerxía xeotérmica úsana principalmente no chan radiante. Os materiais principais da casa son madeiras e granitos das canteiras que hai preto.

A sensación que tiven na vivenda foi de tranquilidade e benestar, supoño que polos materiais e por como foi construída.

A visita continuou no edificio central, no taller de enerxía para ver máis de preto a góndola de un aeroxerador por dentro.



Aconsello esta visita a todo o mundo, xa que saes con ganas de cambiar o mundo, ou polo menos, algúns malos hábitos. Teño que agradecer á xente que nos ensinou o centro, o amables e atentos que foron. Creo que foi unha mañá moi produtiva e que non decepcionou a ninguén.



# As enerxías renovables. A enerxía eólica

Todos temos moi claro que a enerxía existe, e que é “aquilo” que todas as máquinas e obxectos necesitan para funcionar, aínda que non se sabe exactamente que é. Ademais podemos comprobar a súa existencia, debido ás súas variadas manifestacións: eléctrica, química, nuclear, mecánica, cinética, etc. e podemos observar que unhas formas se transforman noutras, conservándose a mesma cantidade de enerxía da que se partiu. De tal forma que se ó final, hai máis ou menos enerxía que ao comezo, é porque se importou ou exportou do exterior do sistema.

Por iso é difícil definir –enerxía- de forma concreta. Unha definición sinxela e bastante realista sería: *“A enerxía é algo real, que existe no interior de todos os corpos e que se pon de manifesto en calquera movemento, cambio ou transformación”*.

As fontes de enerxía, son os recursos naturais que empregamos para obtermos deles a enerxía utilizable. A descuberta de novas fontes de enerxía supuxo, en xeral, avances no benestar social, e permitiu novas técnicas de produción e traballo mais eficaces e con menor esforzo. Para entender como foi evolucionado o uso destas fontes de enerxía, comezaremos facendo un pouco de historia, acerca de como os humanos a foron aproveitando ao longo do tempo.

Desde o seu comezo, o desenvolvemento da humanidade estivo sempre ligado ao uso da enerxía, intentando aproveitar os medios que a natureza puña ao seu alcance para mellorar as súas condicións de vida. Así que se serviu durante milenios da forza da auga para moer o gran, do empuxe do vento para navegar e da calor do lume para extraer os metais da terra.

Non obstante foi a finais do século XVIII coa Revolución Industrial, cando a enerxía se converteu nun dos factores máis importantes e condicionantes para o desenvolvemento das actividades humanas, por isto houbo que buscar fontes enerxéticas non condicionadas por unha situación xeográfica como a presenza de vento, dun río, etc.

Todo isto levou á potenciación do uso dos combustibles fósiles para a produción de enerxía en detrimento dos muíños de auga ou de vento.

Desta maneira, foi a madeira e con posterioridade o carbón as fontes de abastecemento enerxético ata finais do século XIX. A partir dese momento comeza a utilización masiva dos recursos petrolíferos, que a comezos dos anos 70 do século XX, supoñen máis do 40% da demanda enerxética dos países industrializados. Tamén na metade do mesmo século, se descobre a enerxía nuclear con resultados moi prometedores, que fixeron supoñer un futuro baseado neste tipo de enerxía.

Porén, nos anos 70 e coincidindo coa chamada crise do petróleo, o panorama sofre un cambio radical; os combustibles fósiles deixan de ser baratos e compróbanse os seus efectos contaminantes na atmosfera (chuvia ácida, aumento do efecto invernadoiro, etc.), e tamén se pon en cuestión tanto económica como socialmente, a rendibilidade das centrais nucleares, dadas as posibilidades de riscos de accidentes que provocan os conseguintes escapes radioactivos.

Todas estas circunstancias implicaron un crecente rexeitamento da poboación cara ás tecnoloxías que danan o medio ambiente, e a progresiva información sobre as consecuencias da sobreexplotación dos limitados recursos fósiles levaron á procura de novas fontes enerxéticas e á revisión de opcións ata o momento descualificadas ou consideradas como pouco rendibles.

Así, rexorde con forza a idea do aproveitamento dos recursos renovables, e das chamadas **“enerxías renovables”**, como alternativa ao esgotamento dos combustibles tradicionais e ao aumento da demanda de enerxía.

Que son as enerxías renovables?

Falamos de enerxías renovables, enerxías alternativas ou “limpas”, cando non alteran dunha maneira significativa o medio ambiente e se poden recuperar ciclicamente dunha forma natural en períodos de tempo a “escala humana”. En contraposición as enerxías convencionais (petróleo, carbón, enerxía nuclear) proceden da explotación de depósitos de carácter limitado e non renovable e son coñecidas como “**enerxías non renovables**” .

### **Tipos de enerxías renovables que se están a empregar**

Segundo o tipo de fonte que utilice, podemos diferenciar:

**Enerxía solar.** Utiliza como fonte a enerxía do Sol. Pódese empregar directamente como fonte de calor ou ben mediante placas solares. Diferenciando as **placas térmicas**, que aproveitan a enerxía solar para queantar un fluído e as **placas fotovoltaicas**, que transforman a enerxía solar en electricidade.

**Enerxía do mar.** Trata de aproveitar fundamentalmente a enerxía das mareas e a enerxía das ondas para transformala en electricidade.

**Xeotérmica.** O recurso é a enerxía contida na calor existente no interior da terra, e pódese empregar directamente ou ben transformala en electricidade.

**Enerxía da biomasa.** Enténdese como tal o aproveitamento da enerxía química que teñen almacenada as plantas verdes por mor do proceso da fotosíntese e tamén o resto dos seres vivos e os residuos que estes producen, xa que vai pasando duns a outros a través das cadeas alimentarias. Utilízase como fonte de calor e para obter biocombustibles para automoción e para obter electricidade.

**Eólica.** Utiliza a enerxía do vento para transformala en enerxía eléctrica.

**Hidráulica.** Trata de aproveitar a enerxía potencial das masas de auga que dun xeito natural se transforma en enerxía cinética cando se desprazan a zonas de menor altura e a continuación en electricidade..

### **Situación actual das fontes de enerxía.**

Na actualidade a enerxía que consumimos os habitantes de todo o planeta procede nun 85% dos combustibles fósiles, mentres que a suma das “**enerxías renovables**” no seu conxunto supoñen unha cifra do 10 %. Así mesmo, outras enerxías que non son nin fósiles nin renovables, como a enerxía nuclear, completan o resto da enerxía consumida a nivel mundial. Se a isto engadimos que, seguindo as previsións do ritmo actual de consumo enerxético, no ano 2050 haxa un crecemento do consumo dun 50%, se queremos cambiar é imprescindible o apoio máximo ás enerxías renovables.

Non obstante, aínda que estas cifras parecen desalentadoras, é certo que hai que ter en conta que nos atopamos en plena **transición enerxética**. É dicir, nun proceso de **substitución das enerxías fósiles polas enerxías renovables**, de forma que se vaian cambiando as porcentaxes por outras máis positivas. De feito, en algúns países como China, están levando a cabo un importante programa de descarbonización que, pode ser que nos próximos anos, se converta na primeira potencia enerxética baseada en enerxías renovables.

Nese mesmo senso a Unión Europea (Directiva 2009/28/CE) fixa un plan mínimo de participación das enerxías renovables no consumo de enerxía final bruto do 20% para o en 2020. E os obxectivos de clima e enerxía aprobados polo Consello Europeo, para o ano 2030 son os seguintes:

Un 40% de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Conseguir unha cota do 32% de enerxía procedente de fontes renovables non consumo final bruto de enerxía da Unión Europea (UE) .

Conseguir un aforro enerxético indicativo do 32,5%.

En Galiza o desenvolvemento das enerxías renovables é moi positivo se o compararmos coa media do resto de España. Así, o consumo final medio en España de enerxía procedente de fontes renovables foi de 17,4% no ano 2015, mentres en Galiza foi do 38,1% (Instituto Enerxético de Galicia. Balance enerxético de Galicia, 2015).



## A enerxía eólica

Centrarémonos na eólica, xa que é unha das fontes renovables cun maior potencial e desenvolvemento en Galiza, que pola súa situación xeográfica é un lugar estratéxico para o aproveitamento deste tipo de enerxía, "o nivel de vento", necesario para que sexa rendible acádase, non só na maioría das zonas costeiras, senón tamén nas penechairs e en moitos puntos montañosos do interior.


Todo isto fixo que Galiza estivese no punto de mira da Comisión Europea como lugar de investimento deste tipo de enerxías desde os anos 90, favorecendo mediante fortes subvencións as empresas que investiran no seu aproveitamento e a obrigatoriedade por parte das grandes empresas eléctricas de mercar toda a electricidade que produciran, a prezos altos, polo que a súa produción neses anos resultase moi rendible, o que significou, que na maioría dos casos, fosen esas mesmas empresas as que investiron na produción da enerxía eólica.

Todo isto supuxo, que na actualidade, a enerxía eólica fose a primeira fonte de produción de enerxía eléctrica en Galiza, cousa que parecía duns poucos ecoloxistas visionarios, empeñados en atopar unha

alternativa non contaminante ás centrais térmicas, nucleares ou ás grandes presas.

As técnicas para canalizar o que hoxe denominamos "**enerxía eólica**", tiveron o seu comezo na enerxía que facía mover os "muiños de vento", empregados para bombear a auga e moer o gran. Na actualidade, o aproveitamento da enerxía eólica ten como fin a transformación da enerxía cinética do vento en enerxía eléctrica. Esta transformación realízase a través dos aeroxeradores, máquinas con elementos que experimentan un movemento (en xeral, de rotación) cando reciben unha corrente de aire de suficiente intensidade. Existen no mercado diferentes modelos tecnolóxicos. A enerxía mecánica convértese en electricidade mediante un xerador eléctrico, sen necesidade de grandes obras de infraestrutura.

Os aeroxeradores máis utilizados son de eixe horizontal e de tres aspas, e agrúpanse nos chamados "**parques eólicos**", instalacións de xeración eléctrica situadas nos emprazamentos de elevado potencial eólico. Un parque eólico caracterízase por ter un conxunto de aeroxeradores que comparten una subestación de transformación e unha liña común de evacuación de enerxía eléctrica.



## Situación actual e perspectivas da enerxía eólica en España e Galiza.

España é o quinto país do mundo en potencia eólica (instalada en 1090 parques eólicos), despois de China, E.E.U.U., Alemaña e India. O que supón que a enerxía eólica cobre o 18% da enerxía eléctrica consumida. En concreto foi a segunda fonte de xeración eléctrica (despois da enerxía nuclear), en 2017 (Asociación Española de la Industria eléctrica. Balance enerxético de España, 2017)

No caso concreto da Galiza, contamos con 159 parques eólicos, sendo a terceira comunidade autónoma cunha maior potencia eólica instalada (despois de Castela- León e Castela- A Mancha). O que supón que a enerxía eólica aporta o 28,4% da enerxía eléctrica xerada (Instituto Enerxético de Galicia. Balance enerxético de Galicia, 2015).

Engadir que a finais de 2018 o Ministerio de Enerxía vén de promover 165 proxectos de parques eólicos repartidos por comunidades autónomas. Galiza é a segunda de España, con 25 parques eólicos novos (a primeira é Aragón con 80). Todos eles deberán entrar en funcionamento dentro de dous anos. Ese apertado límite de tempo é unha das condicións que impuxo o Ministerio ás empresas adxudicatarias co fin de acadar o obxectivo do 20 % de penetración de renovables para o 2020 (xa mencionado), xa que na actualidade é dun 17,4 %, segundo os datos do ministerio.

Finalmente dicir que as "enerxías renovables" non son a panacea, senón que se deben facer normativas axeitadas e consensuadas, para non caer en erros pasados, e que sirvan **non como forma de incrementar a produción enerxética**, senón para ir substituíndo as enerxías contaminantes e para concienciarnos de que hai que racionalizar e diminuír o consumo, ás veces de forma moi sinxela como pode ser:

- Asegurar un bo illamento nas casas.
- Non abusar da calefacción e o aire acondicionado.
- Apagar os electrodomésticos que non usemos.
- Empregar os transportes públicos.-
- Utilizar menos o coche, e máis a bicicleta e camiñar. Se isto non é posible, utilizar máis os transportes públicos.

Sen esquecer que **a enerxía máis limpa é a que non se produce.**

Para coñecer mellor como se utilizan os diferentes tipos de enerxías renovables e mellorar o seu consumo, consideramos imprescindible para a ensinanza das Ciencias que o alumnado tome contacto directo co contexto do problema. Nestas actividades complementarias é onde o alumnado vive experiencias de aprendizaxe que pouco a pouco os van facendo máis responsables e críticos. Por iso promovemos unha visita ao "Parque de Sotavento", onde o alumnado, pode coñecer "in situ" as diferentes formas.....

## COBERTURA DE LA DEMANDA ELÉCTRICA PENINSULAR AÑO 2017

%

Nuclear	21,5	Eólica	18,2
Carbón	17,0	Hidráulica [1]	7,0
Ciclo combinado	13,9	Solar fotovoltaica	3,1
Cogeneración	11,0	Solar térmica	2,1
Residuos	1,2	Otras renovables	1,4
		Saldo importador de intercambios internacionales	3,6



[1] No incluye la generación de bombeo.

# A Xordeira no cine

Existen na sétima arte moitas películas que reflicten algún ou varios aspectos da xordeira; algunhas teñen a lingua de signos como protagonista, outras abordan a falta de audición e as súas consecuencias sociais e psicolóxicas.

Tamén hai cada vez máis longametraxes onde se conta coa participación de actores e actrices xordos, feito moi aplaudido pola comunidade xorda en xeral.

Poderíamos divagar sobre a visión que o cine proxecta sobre a xordeira e as persoas xordas, ou se son correctas ou non estas achegas, pero polo de pronto, esa análise ímola deixar para outro artigo. Por tanto, imos facer aquí un compendio das películas máis interesantes para alguén que queira coñecer o tema que nos ocupa.

## • O MILAGRE DE ANNE SULLIVAN (1962)

Helen Keller é xorda e cega dende os 19 meses. Medra totalmente illada e incomunicada da súa contorna, ademais da sobreprotección por parte dos seus pais. Todo isto provoca unha grave frustración nela, chegando a ter un comportamento moi agresivo e violento. Por iso, ao redor dos 7 anos de idade, a súa familia contrata a unha institutriz, Anne Sullivan.

Anne ensínalle o alfabeto dactilolóxico a través do tacto, e así, grazas á adquisición da linguaxe, Helen logra comunicarse coa súa contorna, expresar os seus sentimentos e superar esa agresividade case animal.

Helen Keller chegou a titularse na universidade, sendo a primeira persoa xordocega que o logra. Por iso, dende o ano 2009 elixiuse o 27 de xuño como o Día Internacional das Persoas Xordocegas, en honor ao nacemento de Helen Keller no 1880.



## • FILLOS DUN DEUS MENOR (1986)

Durante moitos anos, esta foi a película icónica sobre a xordeira. Está protagonizada por unha actriz xorda, Marlee Matlin, que ademais recibiu un óscar pola súa interpretación nesta longametraxe.

Relata a historia de amor entre James Leeds, un profesor que traballa nun colexio para persoas xordas, e Sarah Norman, limpadora e ex alumna do colexio.

De primeiras, James ve a Sarah coma un reto profesional, xa que ela négase rotundamente a falar (oralizarse), logo a atracción entre eles vólvese máis intensa.





- A FAMILIA BELIER (2014)

Dende unha perspectiva cómica, coñecemos a vida dunha familia xorda que vive nunha comarca rural de Francia, onde os proxenitores e o fillo máis novo son xordos e signantes.

A filla maior, Paula, é a única oínte polo que asume o papel de intérprete e intermediaria entre a súa familia e o resto do mundo.

O dilema para ela xorde cando un profesor descobre o seu talento para o canto, e proponlle acudir a unha audición. Se a aceptan debe deixar a súa familia e a súa aldea para dedicarse a iso.

Asistimos ao debate interior de Paula que sabe que deixa soa a súa familia, pero tamén sabe que ela debe facer a súa propia vida.



- ME LLAMO GENNET (2018)

(*O meu nome é Gennet*)

Gennet Corcuera é a primeira muller xordocega que consegue un título universitario en Europa. Actualmente, traballa como educadora doutras persoas xordocegas.

Esta longametraxe é unha biografía da súa vida, dende os fugaces recordos da súa Etiopía natal en 1984, até que chega a España da man de Carmen Corcuera, logo dun longo proceso adoptivo.

Así mesmo, vemos a dificultade de Gennet para lograr unha integración e aprendizaxe nun mundo que non está preparado para ela.

Sen dúbida, esta película é un exemplo de superación, amosándonos que é posible a independencia e a vida autónoma das persoas xordocegas.



- SOUND OF METAL (2019)

(*O som do silencio*)

Conta a historia de Ruben Stone, un batería de rock metal que perde por completo a audición cando está a piques da grabación dun disco co seu grupo.

Ruben é un ex adicto á heroína que por mor da xordeira e da súa adicción ingresa nun centro de desintoxicación para persoas xordas. Alí entra en contacto coa comunidade xorda, cos seus costumes e coa lingua de signos.

Ao longo da película vemos como Ruben debe "aprender a ser xordo" e a asumir a súa nova condición, aínda que este se resiste se interesa pola operación cirúrxica coa que, según lle conta unha médica, volvería recuperar a audición.



# Novidades musicais

## CINCO NOVIDADES MUSICAIS

### Caamaño & Ameixeiras – Aire! (2021)

Antia Ameixeiras, violino e voz, e Sabela Caamaño, acordeão cromático, levavam tempo a colaborar ao vivo no âmbito da música tradicional, mas é agora que decidiram gravar no estúdio e editar álbum. No início de abril saiu, como adianto, um engraçado vídeo titulado “Florencio” (homenagem ao mítico “cego dos Vilares”) no que reinterpretem em arranjo atual uma jota do repertório de aquele.

E após um mês também saiu à luz o “Maneo de Cambre”, uma fermosa peça que incorpora duas parceiras de luxo com a voz de Silvia Pérez Cruz e o clarinete de Carola Ortiz.



### Gisela João – AuRora (2021)

Eis o terceiro álbum da fadista de Barcelos, gravado entre, Lisboa e Barcelona com a insólita produção do compositor e multi-instrumentista estadunidense Michael League. Inclui essencialmente canções originais nas que a própria Gisela se revela pela primeira vez como letrista e compositora ao tempo que exhibe a sua profunda e singular voz.

“Canção ao coração”, “Louca” e “Já não choro por ti” foram as primeiras peças do álbum divulgadas em vídeo nos inícios da primavera.



### ITH – Frear o momento (2020)

Editado em dezembro do passado ano, o terceiro álbum da banda de Xanceda (Mesía) inclui oito canções originais na sua linha básica de rock contundente com toques pop que têm madurado ao longo da década e que mostram aqui sem reservas através das guitarras de Miguel e Toxo, o baixo de Gonzalo, a bateria de Alberto e a voz de Lucía, também autora das letras.

A peça “Aloumiños que festexan” abre o disco e foi lançada em vídeo com interessante guião e alguma “surpresa”.



### Joel Padín – Aughas mortas (2021)

Tem 15 anos e este é o seu primeiro álbum, mas o Joel leva uma década empapado nas músicas e os cantos tradicionais da sua Arouça natal e do país adiante.

“Aughas Mortas” inclui treze peças recolhidas pelo seu mentor Carlos Rei e gravadas nos estúdios A Lagharteira (A Lama) com acompanhamento básico de Álvaro Cardalda no acordeão, Manuel Dopico na guitarra e Santi Flores no clarinete. Porém é a madureza da sua voz que surpreende e engaiola, mesmo ele só ou com simples fundo da pandeireta.

### Zumaque – Silván (2020)

Sem dúvida uma das mais originais publicações dos últimos tempos é a deste heterodoxo trio formado por Pablo Pascual nos clarinetes, Alfonso Calvo no contrabaixo e Bleuenn Le Fric com a harpa e a voz.

“Silván” inclui catorze peças compostas e/ou arranjadas por Pablo Pascual a partir de ares e melodias tradicionais de procedências diversas, mas tratadas com uma estética singular que mistura música académica, folk e jazz.

Além das evidentes sonoridades galegas também assomam através deste folk de câmara uma mazurca, uma polka, mesmo um som cubano, e duas baladas britânicas do século XVII, uma inglesa e outra escocesa, cantadas com elegância por Bleuenn, a harpista natural da Bretanha que há anos decidiu morar em Compostela.

Contribuem ao Zumaque meia dúzia de parceiros em papéis convidados com diversos instrumentos (acordeão, sanfona, violino, flauta, bandolim, percussões, ...) que enriquecem com seus timbres e cores o trabalho coletivo. Giríssimo álbum.





# Recanto da poesía

---



## Corazón a terceiros

Que é a dor se non un sentimento?  
Que é a vida se non unha lembranza?  
Retrato do amargo a facer unha natureza morta dun cinceiro,  
o meu lume negro, a miña cinza  
lágrimas a cair en caliza,  
Á espera dunha escolla que non é miña  
O pescozo coa pel de galiña,  
A borboleta co seu voo lento libre albedrista,  
Foi difícil de explicar e aínda é hoxe en día,  
Querer tocala mais non o facer á espera da súa caricia  
Ver com danza e danza para riba,  
Ás veces acontecen desgrazas como maravillas,  
Memorias gardadas en tinta,  
A outra vida tan lonxe da miña, asfixia pensar no firmamento,  
Angústiame unha almofada fría,  
Non podo ter medo da morte se morro un pouco todos os días  
E sexa como for Pompeia continúa aínda viva.

Victor Barreiros

I

A cor de laranja das tangerinas  
Cobre o manto sobre as montañas  
E o azul dos mirtilos  
Acorda o sonho nas minhas pálpebras.

Há um branco algodão  
Ainda em lugares do céu  
E o meu fiel amigo mar  
Agora escurece o seu velo.

Passa e observo um roxo cor de romã  
Suave de doces pinceladas  
A maquiar o meu horizonte  
Por cima do espesso arvoredos.

Um amarelo cor de limão  
Cinge-se ao bordo das folhas  
Que na queda do outono  
Harmoniza texturas grandiosas.

Sinto que vem a mim  
A transparente manta do cosmos  
Que dilui as minhas fronteiras  
E adormecem as cores mais vistosas.

Partiu! Foi-se embora em direção  
Oeste  
E deixa atrás a sua amada,  
O sol acorda outros mundos  
E a lua acende, a sua mirada noturna.

II

À sombra duma árvore  
Baixo o sol da esquina  
Sinto o meu corpo no seu tronco  
E ouço o ir e vir das ondas.

Assim, sobre o soalho do mundo  
Que marca as horas do tempo  
Abriga-se com o seu chapéu  
O relógio da morte.

Olhadas a passear,  
Lufadas do presente  
Vão em grupos divergentes  
A sós, como a gente.

E dois futuros em unísono  
Caminho do areal  
Um foi já onda  
Outro, ainda se está a levantar.

Os meus desejos estão muito perto,  
Perto da realidade.  
Firmo o meu corpo sobre o seu tronco,  
Numa árvore, frente ao largo mar.

Diego Reyes Henao



### III

Ter você perto eu desejo,  
Sentir a tua pele o meu mausoléu  
Ouvir a tua respiração  
Incontáveis vezes, desejo.

Provocar ao teu cabelo  
A emaranhar-se no meu corpo  
Entregar-me ao tempo sem presa  
Agradecer e orar no teu templo.

Dou-te a minha paixão com olhadas  
Socorro a tua sede com a minha água  
Aperto o teu peito no meu  
E ambos falam suspiros.

Incontáveis vezes eu desejo  
No lugar dos meus sonhos,  
Quando eu te faço o amor, na minha alma  
Crescem castelos e céus.

As nossas bocas fundem-se  
Num respirar mútuo,  
Dás-me o ar e eu me entrego  
E a seguir tu te entregas.

Dou-te a magia em carícias  
E amo-te a alma Crisálida.  
Eu sei que sonho desperto  
Mas vivo sonhando e em calma.

### VIAGEM

Amanhecer colorido  
Ressoa na minha alma.  
É um momento feliz  
Depois dele, o dia embarca.

Rumamos para longe, companheiro  
Direções? Sem saber  
Que sopra o vento, pois ele sabe  
Aonde não fomos ontem.

Ágata fica no Norte,  
Miserinna no Sul,  
Conheçamos o poente  
Por onde se agacha a luz.

Alça um grito vital,  
Levanta o ferro tristonho  
Deixa-te apenas levar  
Vamos atrás do sol.

Coração pirata no leme  
Bolso de sonhos na mão  
Vá lá, companheira,  
Conheçamos o El Dorado.

O fado já está em andamento  
Devemos apenas deixar  
Que a linha do mar à frente  
Também fique logo atrás.

# Día das letras confinadas 2020

## Carvalho Calero 1910-1990

O escritor, profesor, linguista e pensador Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol en 1910, mais trasladouse en 1926 a Santiago de Compostela, por cuxa Universidade foi licenciado en Dereito e en Filosofía e Letras. Membro da Real Academia Galega, tamén ostentou a primeira Cátedra de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago. A súa traxectoria política como galeguista e a defensa da República durante a guerra levouno ao cárcere, período tras o que regresou á súa cidade natal, mais prohibido de exercer docencia durante décadas.



Cunha das máis completas e extensas traxectorias vitais en defensa da cultura galega, converteuse nunha das personaxes fundamentais no campo da literatura e a lingua galegas. No seu labor literario destacou fundamentalmente como poeta, con obras como *Pretérito Imperfeito*, *Futuro condicional*, *Cantigas de Amigo* e *Outros Poemas* ou *Reticências*. Como narrador obtivo o Premio da Crítica pola súa novela *Scórpio*, considerada por moitos como a mellor do seu tempo escrita en galego. Tamén escribiu varias pezas dramáticas recollidas no seu *Teatro Completo*, e posúe unha extensa produción como crítico.

Mais a relevancia da súa figura transcende o campo da produción literaria, destacando o seu compromiso pola defensa da lingua e a literatura propias a través dos seus estudos e o seu posicionamento reintegracionista que levou á primeira proposta ortográfica oficial do galego, proposta que finalmente foi banida por exceso de abertura ao portugués. Este feito custaríalle ser marxinado nos últimos anos da súa vida. Entre outros méritos foi cofundador da Editorial Galaxia, onde publicou a primeira obra narrativa en galego na posguerra, *A Gente da Barreira*.



Ricardo Cavalho Calero foi unha figura clave para entender a investigación lingüística e literaria galega. A súa *Gramática Elemental del Gallego Común* publicada no franquismo superou todas as precedentes e actualizou con rigor científico o estudo da lingua, e a súa monumental *Historia da Literatura Galega Contemporánea* constitúe por vez primeira un esforzo de investigación da nosa literatura actual, unha interpretación crítica dos escritores que dende Rosalía a Cunqueiro cubriron un proceso fundamental na historia das nosas letras contemporáneas.

Ricardo Carvalho Calero finou en Santiago en 1990. Ten rúas e monumentos en diferentes cidades galegas, mais talvez un dos máis imponentes sexa a última escultura inaugurada en Santiago de Compostela en 2010 co gallo do centenario do seu nacemento.





Estivo en varias ocasións entre os nomeados polos membros da Real Academia Galega para dedicarlle o Día das Letras Galegas, aínda que nunca chegou a ser o escollido até o ano 2020, que por mor do COVID tivo de novo, como se dun mal fado se tratase, pouca relevancia social.

A autoría desta estatua corresponde a José Molares. Este monumento foi promocionado pola Fundação Meendinho, que solicitou contribucións populares e de diferentes entidades e institucións publicas contando cunha rápida adhesión.




No lateral do monumento aparece unha cita deste republicano, profesor, escritor e lingüista cuxa honradez e rigor están fóra de toda dúbida: «A fala da Galiza, o portugués de Portugal, o portugués do Brasil e o portugués dos distintos territorios lusófonos fomam un único diassistema lingüístico conhecido entre nós popularmente como galego e internacionalmente como portugués R.C.C.»

Pasados 30 anos da súa morte sirvan estas palabras de epitafio e posibel explicación para a incomodidade que xeraron as súas propostas lingüísticas a antigos gobernantes (incomodidade hoxe anacrónica) e o entusiasmo (hoxe feliz e vivo) de quen propón continuar a estudar e aplicar os textos de política lingüística do Profesor Ricardo Carvalho Calero.

Carvalho Calero será para sempre un referente incontornábel. E a tentativa de ocultar o seu legado provocou que fose defendido cunha permanencia, dinamismo e unanimidade pouco frecuentes en calquera outro autor galego. Quen o coñeceu fala dun home recto, sério e rigoroso nas súas análises. De palabras sempre comedidas e de discurso amábel. Un profesor sempre disposto a colaborar en calquera empresa que mellorase a situación da lingua, un dos autores imprescindíbeis do século XX galego.

### Unha recomendación sobre as publicacións das letras galegas de 2020?

Cremos que unha das máis lindas homenaxes realizadas 2020 pode ser sen dubidar a banda deseñada *Coraçom de Terra*. Apelando ao home e aos afectos que existen por detrás da personaxe, os autores procuraron recrear a súa vida con mimo e moito cariño. Un libro dun preciosismo editorial, debuxo e roteiro textual tamén preciosos.



Carvalho Galero  
AUTOR PROLÍFICO

## Principais obras do autor

1951. *A xente da Barreira*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
1955. *Sete poetas galegos*. Vigo: Galaxia.
1961. *Salterio de Fingoy*. Vigo: Galaxia.
1962. *Historia da literatura galega. 1808-1936*. Vigo: Galaxia.
1966. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
1971. *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia.
1971. *4 pezas. A sombra de Orfeo. Farsa das zocas. A arbre. Auto do prisioneiro*. Vigo: Galaxia.
1975. *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
1976. *Prosa galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo NÓS*. Vigo: Galaxia.
1978. *Prosa galega 2. Dos novecentistas aos nosos días*. Vigo: Galaxia.
1979. *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.
1979. *Libros e autores galegos. I. Dos trovadores a Valle-Inclán*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
1979. *Rosalía de Castro, Cantares Gallegos*. Edición de Ricardo Carballo Calero. Madrid: Cátedra.
1979. *Teatro Nós. Risco-Otero Pedrayo-Castelao. Ed. de R. Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Follas Novas.
1980. *Prosa galega 3. Da época trovadoresca ao neoclasicismo*. Vigo: Galaxia.
1980. *Pretérito imperfecto (1927-1961)*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1981. *Problemas da Língua Galega*. Lisboa: Sá da Costa Editora.
1982. *Futuro condicional (1961-1980)*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1982. *Teatro Completo*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1982. *Libros e autores galegos. II. Século XX*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
1984. *Letras galegas*. S.l.: Associação Galega da Língua.
1986. *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)*. S. l.: Associação Galega da Língua.
1987. *Scórpico*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
1989. *Escritos sobre Castelao*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
1989. *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1990. *Reticências... (1986-1989)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

“O mais íntimo da miña  
personalidade está  
reflexado na poesía”

### O artista que se define

“Eu era desde os meus comezos un escritor  
e fun un escritor bilingüe”

“Dunha forma ou doutra —aínda que eu son polígrafo, xa que teño traballado en narrativa, en teatro e en ensaio—, creio que, efectivamente, o mais íntimo da miña personalidade está reflexado na poesía, até o extremo de que na mesma narrativa ou no mesmo teatro, considero que a parte mais persoal ou a parte mais orixinal, dentro da orixinalidade que cabe a un escritor do século XX depois de Xesucristo, é aquela que contén unha raíz lírica”

“A poesía para min non é outra cousa que catarse” (CeC: 148).

Eu non me considero, desde logo, nen tan restrinxido no meu traballo nen tan cuidadoso na precisión ou na harmonía do período como era Castelao. Nen tan descoidado e tan múltiple e tan fértil como o era Otero Pedrayo. Mas estou mais próximo deste que do primeiro no que se refire á fecundidade. Eu son, si, cícais demasiado fértil, demasiado fecundo, e como ademais vivo unha vida moi pouco social, como me relaciono pouco coa xente, a pesar de que sempre tiven que traballar muito, os meus ratos de ócio foron empregados, case exclusivamente, en escribir. E entón, iso pode explicar que teña unha obra realmente moi volumosa”

Verdadeiro poeta foi. Nom escreveu para os poetas. Cantou para os homes. Aqueles, monstruosamente desumanos, nom o admitiron nos seus coros, porque desentoava a sua clara voz da balbúrdia a maoetenta que eles obscuramente articulavam. A poesía é demasiado séria para que se administre tecnocraticamente.



## Carvalho Calero REINTEGRACIONISTA

Durante os anos 70 arranca o debate entre os defensores do modelo ortográfico do castelán ou do portugués para o galego, porque era preciso definir a norma escrita perante a chegada do galego ao ensino. Carvalho toma o partido do reintegracionismo, a corrente que propugna a unidade da escrita galego-portuguesa, ideal tradicional na cultura galega e que podemos detectar na obra do autor desde 1930. Presidiu no ano 1979 a Comisión de Lingüística da Xunta para elaborar a normativa do galego. No ano 1982 a Xunta desestima por excesos lusistas o traballo encomendado e opta polas normas do ILG. O debate normativo, no entanto, seguiu e segue.

### Ideal antigo

"Non só a lingua de Antero é a mesma nosa, senón que o espírito que revelan os versos portugueses que o galego lé, é un espírito que se abre inteiro pra o leitor: a maneira de pensar e sentir, a mentalidade e a sentimentalidade do poeta, son as mesmas nosas."

*(Versos de Antero, El Pueblo Gallego, 1933). Sobre sonetos de Antero de Quental publicada pola Universidade de Santiago.*

### Primeiro artigo a favor do reintegracionismo

"[A lingua galega] ten que insertarse no mundo cultural ao que está tradicionalmente adscripta, restabelecendo a continuidade que pode ter sido alterada polo intre dialectal en que a lingua vivía durante séculos."

*(Ortografía Galega, La Voz de Galicia, 1975).*

### "Nom estamos sós"

"Muitas persoas que com excelente intención se ocupan em política lingüística e muitas outras que com admirável valentia se consagram à função docente, tropeçam em montanhas há tempo perfuradas, mergulham-se em rios há tempo cruzados, porque nom se lhes ocorre pensar que os túneis e as pontes foram ja construídos por engenheiros que levam muitos anos de exercício profissional".

*(Problemas da Língua Galega, 1981, recuperado de La Voz de Galicia, 1978).*

### Da autonomia do galego

"Muito nos tememos que nom haja outra alternativa ao lusismo que o castelhanismo, porque pensar que hai umha terceira via para a regeneração do galego, semelha ingénio ultranacionalismo"

*(Da Fala e da Escrita, 1983, recuperado de La Voz de Galicia, 1978).*

### Normalização e reintegração do galego

"Os que nom desexan ver desaparecer o galego, aspeitam desde hai muito a reintegrá-lo no seu âmbito natural. [...] Isto nom pode considerar-se lusitanização do galego, senom reintegração do galego ao diassistema galaico-lusitano."

*(Da Fala e da Escrita, 1983, recuperado La Voz de Galicia, 1979).*

### Política linguística

"Se o Estado –do qual é um órgão a Administração autonómica– está ao serviço da sociedade e nom é um Leviathán que mantém a sua ordem engolindo os indivíduos, procede um equilíbrio entre o poder e a liberdade favorável a esta última. Nom vamos construir um galego de ossamenta tam rígida que pese sobre a nossa vontade com autoritarismo insuportável"

*(Agália, 1990, recuperado de La Voz de Galicia, 1988).*



## Carvalho Calero FILÓLOGO DIVULGADOR

*"A história do idioma galego é a história mesma de Galiza"*

### do Idioma

#### [gramático]

"O primeiro estudo de Carvalho de carácter propriamente lingüístico foi a Gramática, intitulada Gramática elemental del gallego común (1966). Deste modo Carvalho Calero fez-se presente no campo da Lingüística galega com umha obra que, apesar de ser a primeira sua neste domínio da ciencia, já era umha obra magistral" (MM: 175).

#### [pedagogo]

##### "O galego antigo"

"A história do idioma galego é a história mesma de Galiza. A história do seu nascimento, do seu crescimento, da sua madurez e da sua prostração, da sua reposição e do seu esforço para persistir. Diríamos que Galiza nace à história quando o galego nace, que se mergulha na imobilidade a-histórica quando a língua se reprega à escuridade da iliteralidade, e que renace à história quando o galego renace à literatura."

##### "O galego do futuro"

"A cidade, que recebeu do campo o seu galego, tem que actuar agora para devolvê-lo ao seu antigo custódio depurado da escória que amontoaram sobre ele tantos anos de combustom."

*(PLG: 25,28,32).*

### da Literatura

#### [historiador]

"[A Historia da literatura galega contemporánea] constitui umha obra fundamental da nossa cultura e nom só é o ponto de referencia obrigado de todo o trabalho que posteriormente se vem realizando neste campo senom que ademais exerceu um enorme influxo extra-literário: dando a conhecer no seu conjunto o veio em boa parte soterrado do desenvolvimento literário galego, contribuiu grandemente a formação de umha ideia sobre a nossa história cultural e ideológica, e destarte avivou o ressurgimento da consciência colectiva galega nos tempos mais recentes"

*(MM: 163-4).*

"O que estuda a literatura como expresión artística dun idioma ten que adoptar un criterio filo-lóxico. Non coido que se poda obrigar nen vedar a ninguén que escriba em galego ou castelán, ou que faga escolmas castelás ou galegas, ou mistas. O natural é considerar poetas galegos aos que escriben em galego. Poetas galegos e galegos poetas son dúas cousas distintas" (HLGC: 17).

#### [mestre da crítica]

"Sen Carballo Calero, pódese dizer que a crítica literária galega sería hoxe un ermo. Del partiu toda a que se fixo posteriormente cun certo rigor"

*(Francisco Rodríguez, apud CeC: 160).*



*"Nom vamos construir um galego de ossamenta tam rígida que pese sobre a nossa vontade com autoritarismo insuportável!"*


*Foto: Moncho Rama*



# Leituras para o verán

***As malas mulleres***, Marilar Aleixandre. Ed. Galaxia 2021. (galego)

Esta novela recupera a memoria das mulleres reclusas no cárcere de A Coruña no pasado século XIX, onde Concepción Arenal, visitadora de prisións, e Juana de Vega traballaron por dignificar as súas vidas. Ademais, reivindicase a través das súas páxinas a función que a Literatura e os libros desenvolveron neste labor de mellora e esperanza.



***Miss Marte***, Manuel Jabois, Ed. Alfabeta 2021. (castelá)

Dúas épocas: 1993, cando unha moza, Mai, nai dunha nena de dous anos, chega a unha vila costeira na que coñece a Santi, do que se enamora. O día da voda, na festa da noite, acabará en traxedia pois a pequena desaparece.

2019: Berta Soneira, xornalista, 25 anos despois roda un documental sobre o sucedido, recompoñendo a través dos relatos dos habitantes da vila, o día que cambiou a vida de todos.




***A neta do señor Linh***. Philippe Claudel, Ed. Rinoceronte 2010. (galego)

***La nieta del señor Linh***, Philippe Claudel, Ed. Salamandra 2006. (castelá)

***A neta do senhor Linh***, Philippe Claudel, Edições Asa (portugués)

O señor Linh abandona o seu país en guerra levando nos brazos a súa neta, Sang Diu. Desembarca nunha terra estraña e hostil (que podería ser Francia ou calquera outro país occidental) co único fin de protexer e dar un futuro á pequena. Alí atopará ao señor Bark, que vive en soidade e na nostalxia da súa muller morta. Entre eles xurdirá, a pesar da incompreensión do idioma, unha gran amizade e o respecto mutuo.

A novela é unha fábula, nun estilo case minimalista, sobre o exilio e a soidade, pero á vez é un canto á tolerancia e á esperanza.




*El curioso incidente del perro a medianoche*, Mark Haddon. Ed. Salamandra, 2013(6ª edición).

*O curioso incidente do can á media noite*, Mark Haddon, Sushi Books,2013

*O estranho caso do cão morto*, , Mark Haddon. Ed. Presença (portugués)

Christopher Boone, de quince anos, experto en Ciencias e en Matemáticas, en Xeografía, que recorda todos os números primos até o 7.507, non sabe relacionarse coas outras persoas. Unha noite atopa o can da veciña morto, atravesado por unha forza, e decide investigar o caso. Mentres descobre pegadas e entrevista sospeitosos, mostrará a “ilóxica” do mundo que o rodea ao mesmo tempo que vai desvelando misterios. Misterios que explicarán a súa vida pero que tamén a van alterar profundamente.



Luís F. Figueiroa

## Novidades em língua portuguesa



*História das Línguas*, Tore Janson da **Através editora**. Com o melhor estilo divulgador, é de leitura fácil e nada aborrecida, ideal para dias de praia. O livro visa dar uma visão global da vida e da mecânica das línguas, desde os primórdios da humanidade até conjeturas sobre futuros distantes. A obra examina como as línguas aparecem, mudam e, por vezes, desaparecem. Inclui processos gerais e capítulos temáticos onde se analisam línguas em concreto: chinês, grego, latim, português, norueguês, inglês... A edição muito cuidada.

Acredito que dialoga, e muito bem, com um outro livro, também de divulgação, recém saído do prelo há semanas. O autor? O amigo da Galiza, o grande **Marco Neves** sempre didático e surpreendente. A sua *História do Português desde o Big Bang* da **Guerra&Paz** mostra a origem das línguas da Europa e como se desenvolveu o português através da história. Baseia-se em ciências como a física e a biologia explicadas para o público leigo. A *História do Português desde o Big Bang* tem uma visão original e divertida que faz o nosso cérebro sempre curioso, acordar para novas ligações dos diferentes ramos da ciência. Leitura também de praia? Talvez em casa à noitinha, com um chá ou um cafezinho na mão, pelo simples puro prazer da leitura. Ficou curioso/a? Ótimo, era isso mesmo.



# 5 maio é mundial

**Dia 5 de maio é declarado oficialmente pela UNESCO como dia mundial da língua portuguesa .**

A língua portuguesa é uma das línguas mais difundidas no mundo, com mais de 265 milhões de falantes espalhados por todos os continentes, uma das línguas mais usada nas redes sociais e é também a língua mais falada no hemisfério sul. O português continua a ser, hoje, uma das principais línguas de comunicação internacional, e uma língua com uma forte extensão geográfica, destinada a aumentar.



*Os conhecimentos prévios de galego são úteis para aprendermos português*

**Português dá um novo valor aos conhecimentos prévios. Porque é importante a língua portuguesa para o alunado?**

Sem dúvida a especial relação do português com a língua oficial da Galiza. Os textos desta página estão escritos em português e qualquer pessoa com conhecimentos de galego poderá entender sem grande dificuldade aquilo que aqui se diz. Acedemos assim a uma língua "estrangeira" com pouco esforço pelo facto de sabermos falar a língua da Galiza. Imaginem outros povos contarem com essa fortuna!

Por outro lado uma parte significativa do nosso alunado provem também de países da América ou da África em que o português é língua oficial do país ou é língua oficial dum dos países lindantes. Por se fosse pouco, também o castelhano é uma língua muito próxima. Estas proximidades são uma vantagem que facilita muito a aprendizagem da língua portuguesa, reforça o valor do próprio galego e favorece a aquisição de conhecimentos linguísticos que serão úteis noutras materias.

Ainda, a nível legal em 2014 o governo galego colocou o português como prioridade para o futuro com a chamada lei Paz Andrade e o DOG passou a ser editado também em português. É uma língua que irá ser cada vez mais importante na própria sociedade galega.

Aproveitarmos a vantagem da sua oferta nos centros de ensino poderá ser importante no futuro a nível profissional dentro do mercado laboral galego.

## Valor económico internacional

Além disso, se olharmos para um mapa do mundo, o português é já língua de negócios em cenário tão alargados que passam da China ao Mercosul. Como língua global em pleno crescimento um nível elevado de competências nesta forma de língua tão próxima à nossa é um verdadeiro valor a considerar à hora de pensarmos no nosso curriculum num contexto mundial cada vez mais interconectado.



A Pataca, moeda oficial de Macau, é impressa em chinês e português

GALEGO | CASTELLANO | PORTUGUÊS





“**A**qui na



UNESCO nós sabemos como esta língua é uma língua de criatividade, de música – do fado à morna, passando pelos poetas da bossa nova – uma língua de literatura, de cinema, de património. Mas é igualmente uma língua de ciência, de inovação, de pedagogia, de solidariedade, dos mares e dos oceanos.”  
**Audrey Azoulay,**  
Diretora-Geral da  
UNESCO

“**U**ma


declaração de diversidade em si, a língua portuguesa está sendo construída no cotidiano de vários povos de todos os continentes, em um constante enriquecimento de sua multiculturalidade.”

**António Guterres,**  
Secretário Geral das Nações Unidas

## DIA MUNDIAL DA LÍNGUA PORTUGUESA 5 DE MAIO



Através do português podemos dar a volta ao mundo!







Realización do paseo marítimo de Oza na Coruña da profesora Carmen Senande Pazos

